

TRADICIÓN XACOBEA EN PONTEDEUME, UNHA VILA MEDIEVAL NO CAMIÑO INGLÉS CARA A SANTIAGO DE COMPOSTELA

José Fonte Sardiña

*Á miña nai,
que me fixo a honra de nacer en Pontedeume e ser eumés*

O APÓSTOLO SANTIAGO EN GALICIA

Santiago Zebedeo entrou na historia pouco despois de que Xesús fose bautizado no río Xordán por Xoán o Precursor e de que pasase corenta días de xaxún no deserto e vencese alí as tentacións do Demo. Uns días máis tarde, na ribeira do mar de Galilea, no lago Xenesaret, Cristo chamou a catro humildes pescadores –Pedro e o seu irmán Andrés, e os fillos de Zebedeo, Santiago e mais Xoán– para os converter nos seus primeiros discípulos e os facer pescadores de homes¹.

Entre os doce apóstolos que Xesús elixiu para o acompañar, Pedro –a quen escolleu para liderar a súa Igrexa–, Santiago –que foi o primeiro en recibir o martirio pola causa– e o seu irmán Xoán –o único que seguiu ao Mestre até o final na súa Paixón e Morte– foron os seus discípulos predilectos. Consonte os Evanxeos, só eles o acompañaron cando resucitou á filla de Xairo², tamén foron os escollidos para contemplar a Transfiguración do Señor no monte Tabor³, e mesmo cando se retirou a orar no monte das Oliveiras en Xetsemaní, antes de ser entregado ao sacrificio redentor, só levou consigo a eles os tres⁴. Tamén constata esta realidade o capítulo II do Libro I do *Códice Calixtino* cando afirma que “así como por riba dos doce fillos de Israel puxo a tres patriarcas, isto é, Abrahán, Isaac e Xacob, así dos doce apóstolos elixiu tres baróns e mestres con preferencia aos demais, a saber, Pedro, Santiago e Xoán”⁵.

1. Cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998, *Mateo*, 3, 13-17 e 4, 1-22, p. 36-38; *Marcos*, 1, 9-13 e 1, 16-20, p. 102 e 103; *Lucas*, 3, 21-22, 4, 1-13 e 5, 1-11, p. 157-161; ou *Xoán*, 1, 29-34, p. 221.

2. Cfr. *idem*, *Mateo*, 9, 18-26, p. 49; *Marcos*, 5, 21-42, p. 112 e 113; ou *Lucas*, 8, 40-56, p. 171.

3. Cfr. *idem*, *Mateo*, 17, 1-13, p. 66 e 67; *Marcos*, 9, 2-13, p. 121 e 122; ou *Lucas*, 9, 28-36, p. 173 e 174.

4. Cfr. *idem*, *Mateo*, 26, 36-46, p. 89; ou *Marcos*, 14, 32-42, p. 137.

5. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009, Libro I, capítulo II, p. 72.

Antes da súa Ascensión, Xesús Cristo encomendoulles aos doce apóstolos a misión para a que os escollera: ir polo mundo enteiro anunciando a Boa Nova a toda a creación⁶, e logo engadiu: “Recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e sereades as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaria e ata os confins da terra”⁷. Dito isto, subiu ao Ceo, onda seu Pai.

Fontes transmitidas por vía oral contan que a Santiago Zebedeo, chamado o Maior, tocoulle chegar até o *Finis Terrae* e espallar a mensaxe de Cristo pola Península Ibérica. Asegura Vicente Risco que “di a tradición acollida pola Igrexa que cando o Santo Apóstolo Santiago andaba a predicar pola banda de Fisterre, sufrindo moitos traballos e desalentos, a Santísima Virxe María, que daquela inda vivía neste mundo, apareceu en carne mortal, para confortalo. Achábase o Señor Santiago na beiramar de Muxía, cando viu que viña polo mar unha barca de pedra guiada ou conducida por anxos, na cal viña a Madre de Deus [...]. As pedras da Barca da Nosa Señora son tres: a barca mesma, de oito varas e media por sete e media, o temón e mais a vela, de oito varas e tres cuartos de arredor. Esta é unha pedra de abalar que mesmamente un neno pode mover [...]; cando non se move, é sinal de que a Virxe non vai conceder o que se lle pide ou que algo ocorre de estraño que non parece a Deus [...]. Din que ó deitarse o sol, se un mira debaixo desta pedra, ve a imaxe dun Santo Cristo e outra do Apóstolo Santiago, con esclavina e bordón, e un cáliz na man”⁸.

Fóra de Galicia, tamén unha moi coñecida lenda transmitida oralmente dende época ben temperá recolle a noticia da aparición da Virxe a Santiago en Zaragoza, á beira do río Ebro, que insiste na idea de que o Apóstolo predicara o Evanxeo nestas terras. Este acontecemento foi documentado posteriormente, a principios do século VII, pola *Crónica do bispo Máximo de Zaragoza*, onde se afirma que en Zaragoza había un templo chamado da Columna, dedicado á Nai de Deus, mandado construír polo divino Santiago, que é considerado o primeiro templo mariano da cristiandade; antes de rematado, regresou a Xerusalén, pero os seus discípulos conseguiron que se concluíse a obra. Outra lenda constatada, así mesmo, a presenza de Santiago en terras de Lleida, onde se lle cravou unha espiña nun pé e, como era de noite e non tiña luz para a extraer, viñeron uns anxos cuns *fanalets* ou faroliños para o alumear e poder librarse así da espiña que tanto mal lle causaba; en lembranza deste milagre sae aínda hoxe a procesión dos *fanalets* a noite da véspera da festa de Santiago ou sant Jaume en Lleida.

6. Cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo.... op. cit.*, Mateo, 28, 16-20, p. 96; Marcos, 16, 14-20, p. 143; ou Lucas, 24, 36-49, p. 211 e 212.

7. Cfr. *idem*, *Feitos dos Apóstolos*, 1, 8, p. 281 e 282.

8. RISCO, V.: *Etnografía*, t. III, Galaxia, Vigo, 1994, p. 206-208.

Así e todo, parece que o primeiro testemuño escrito que refire a intención dun apóstolo de Cristo, Paulo, de visitar Hispania está recollido na *Carta do apóstolo san Paulo aos romanos*⁹. No século IV, Dídimo de Alexandría (310-398) e o seu discípulo san Xerome (340-420) constatan a presenza dun dos doce apóstolos de Cristo en terras hispanas, malia que non afirman que fose Santiago¹⁰. Pola súa parte, Singul Lorenzo fala da existencia dunha carta redactada no século V polo papa León Magno (440-461) na que confirma a predicación de Santiago o Maior en Hispania¹¹. Porén, Díaz y Díaz considera que foi no *Breviarium Apostolorum*, que data a finais do século VI, onde por primeira vez se lle atribúe a Santiago a predicación en Hispania e nas rexións occidentais, “hic Spaniae et occidentalia loca praedicat”, aínda que opina que o mellor testemuño da teoría da predicación de Santiago na Península Ibérica o deixou santo Isidoro de Sevilla (560-636), na súa obra *De ortu et obitu patrum*, onde confirma tamén que o apóstolo Santiago difundiu o Evanxeo en Hispania e nos pobos das rexións occidentais, aos que lles levou a luz da fe, “Iacobus, filius Zebedaei [...] Spaniae et occidentalium locorum euangelium praedicavit”¹².

Talvez o relato máis fermoso verbo da vida de Santiago Zebedeo sexa o que se fai no *Códice Calixtino*, realizado por iniciativa do primeiro arcebispo da arquidiocese compostelá, Diego Xelmírez (1120-1140). Para cumprir a misión que Xesús Cristo lles encomendara de levar a súa palabra a todos os pobos do universo, os apóstolos distribuíronse entre eles os territorios que lles correspondería evanxelizar. Santiago o Maior, “levado ás costas de España por vontade de Deus, ensinou predicando con coraxe a divina palabra ás xentes que alí vivían e a tiñan por patria. E, deténdose alí algún tempo, mentres daba froitos entre espiñas a pequena semente que entón quería recoller [...], elixiu sete discípulos [...] para coa súa axuda extirpar de raíz, arrancándoo, o xoio, e confiar máis propiciamente a semente da divina palabra a unha terra que levaba estéril tanto tempo”¹³.

Rematada a súa tarefa nestes confíns, Santiago o Maior deixa nas mans dos seus discípulos a misión de que a semente alí espallada agromase algún día no lugar no que o seu corpo exánime descansaría para sempre e regresa a Xerusalén onde lle tocaba beber o

9. Paulo asegura que “cando vaia a Hispania espérovos ver de paso e que vós me facilitades a viaxe”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo..., op. cit., Carta do apóstolo san Paulo aos romanos*, 15, 24, p. 385.

10. Dídimo de Alexandría, no Libro II, capítulo IV, *De Trinitate*, afirma que “o Espírito Santo lles infundiua a súa innegable sabedoría aos apóstolos, quer ao que predicou na India, quer ao que o fixo en España ou noutros lugares da terra”; e san Xerome, no *Commentarium in Isaiam*, di que o Espírito mandou “un á India, outro a España, outro a Grecia” e que “cada un descansa na provincia onde anunciara o Evanxeo”; tomadas e traducidas as citas de TORRES RODRÍGUEZ, C.: *La Galicia romana*, A Coruña, 1982, p. 212.

11. Cfr. SINGUL LORENZO, F.: “Tradicions xacobeas: primeiras noticias sobre a evanxelización do confín do mundo e a tumba de Santiago en Galicia”, en SINGUL LORENZO, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín do mundo. Diálogos entre Santiago e o mar*; Santiago de Compostela, 2004, p. 98.

12. Cfr. DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *De Santiago y de los Caminos de Santiago*, Santiago de Compostela, 1997, p. 87-110 e 191-209, especialmente, 91 e 196, que recollen as respectivas citas textuais.

13. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit., Libro III, capítulo I*, p. 379.

cáliz do martirio por mandato de Herodes Agripa. “Cos xeonllos fincados na terra, coas mans estendidas e levantadas ao Ceo, ofreceu o colo ao verdugo [...] coa esperanza de resucitar [...], desenvaiñou a espada o verdugo, levantouna en alto, deu dous golpes no colo e cortou a súa santísima cabeza. E no intre manou o seu precioso sangue. Pero a cabeza non caeu á terra, senón que o santo Apóstolo, cheo da forza de Deus, colleuna nos seus brazos [...] e así estivo [...] ata que chegou a noite”¹⁴. Sabendo que morrera e co propósito de o enterrar no lugar onde en vida predicara, Teodoro e Atanasio, “os seus discípulos, apoderándose furtivamente do corpo do mestre, con gran traballo e extraordinaria rapidez lévano á praia, onde atopan unha nave preparada para eles. Subíndose a ela, lánzanse ao mar aberto, e en sete días chegan ao porto de Iria, que está en Galicia, e a remo alcanzan a desexada terra. E [...] deron ao Autor das cousas moitísimas grazas [...] por evitaren sen ningún dano os ataques dos piratas, os choques dos escollos que tiñan que esquivar e as negras simas dos remuíños que abrían as súas bocas”¹⁵.

Xa en terras galegas, acudiron, a unhas cinco millas de Iria, xunta a pagá raíña Lupa para que lles facilitase un lugar onde enterrar o corpo do apóstolo Santiago. Despois de varios enganados, remediados coa intervención divina e milagrosa, acoden ao Pico Sacro, onde a raíña Lupa lles tiña preparada outra sorpresa. Ofrecéralles uns bois para transportar o sagrado corpo do Apóstolo, aínda que ocultándolles que eran salvaxes, pero un novo milagre ía acontecer; cando os discípulos chegaron, os feros bois, de socato, “submisos baixaron espontaneamente a súa cornamenta perante as mans dos santos varóns”¹⁶. A comitiva volveu cabo da raíña Lupa que, ao ver os bois baixo o xugo, se converteu á fe de Cristo e decidiu destruír os templos que na honra dos deuses pagáns mandara edificar alí para lle dar sepultura a Santiago, no pequeno bosque chamado Libredón, a oito millas de Iria. No lugar onde os bois salvaxes se detiveron, “construíron un sepulcro de cantería, no que, con primoroso enxeño, se garda o corpo do Apóstolo. Edifícase sobre el unha igrexa de reducidas dimensións, que, adornada cun altar sagrado, abre unha gasalleira entrada para o pobo devoto”¹⁷.

Os dous discípulos, Teodoro e Atanasio, “fieis por reverencia ao seu mestre, mentres con todo agarimo vixiaban acotío como fieis gardiáns o citado sepulcro, dispuxeron que, despois da súa morte, fosen enterrados polos cristiáns xunto ao seu mestre, un á súa dereita e o outro á súa esquerda. E así, chegado o termo da vida, pagando a súa débeda á natureza, expiraron cunha morte feliz, e con gozo entregaron as súas almas ao Ceo”¹⁸. Así

14. *Idem*, Libro I, capítulo IX, p. 156.

15. *Idem*, Libro III, capítulo I, p. 380.

16. *Idem*, Libro III, capítulo I, p. 383.

17. *Idem*, Libro III, capítulo II, p. 385.

18. *Ibidem*.

e todo, quer porque os seguidores de Cristo e de Santiago non eran moitos na Galicia do século I, quer porque Teodoro e Atanasio non lle deron publicidade ao lugar do sepulcro para que non fose profanado ou talvez por outros motivos que ignoramos, o certo é que o tempo foi pasando e a edícula apostólica quedou oculta e esquecida até que, no primeiro cuarto do século IX, un eremita chamado Paio, que se atopaba retirado no bosque Libredón, preto de San Fiz de Solovio, descubriu unha necrópole romana e outra visigoda ocultas baixo unha capa de arxila. De socato, unha chuvia de estrelas comezou a caer sobre un punto determinado, o que foi interpretado por Paio como unha mensaxe divina, e púxose a buscar até que atopou o sepulcro que alumeaban.

Cando lle contou o que acontecera ao bispo iriense Teodomiro (¿810?-847), o prelado acudiu decontado a aquel lugar e, despois de pasar tres días en xaxún e oración, certificou sen dubidar que as tumbas alí atopadas custodiaban os restos do apóstolo Santiago e os seus discípulos Teodoro e Atanasio e que estes transportaran dende Jaffa os despozos do corpo santo do seu mestre por mar e polos ríos Ulla e Sar ao porto de Iria e que logo os levaron nun carro de bois até o que hoxe é Compostela para cumprir a tradición que mandaba darlles sepultura aos apóstolos nas terras onde predicaran.

O bispo Teodomiro (¿810?-847) comunicoulle ao rei Afonso II o Casto (791-842) a boa nova e este mostrouse entusiasmado, nomeou a Santiago patrón do Reino, nun intento de que apadriñase a reconquista do territorio aos musulmáns, acudiu cos seus nobres a Compostela e mandou erixir alí a primeira igrexa dedicada ao santo sobre o antigo mausoleo preexistente. O rei Afonso II o Casto (791-842) realizou ademais outras entregas de diñeiro e xoias para potenciar o culto ao Apóstolo.



Sepulcro do bispo
Teodomiro
na catedral compostelá



Parte interior do tornaventos da Porta Santa da catedral de Santiago coas principais escenas da vida do Apóstolo: Chamada de Xesús, Encomenda da misión apostólica, Evanxelización da Península Ibérica, Decapitación, *Translatio* e *Inventio* do seu corpo morto



Miniatura do rei Afonso II o Casto no Tombo A da Catedral de Santiago

A *Concordia de Antealtares*, redactada en latín e asinada en 1077 polo abade Faxildo e o bispo compostelán Diego Peláez (1071-1094), conta que “como a luz nas tebras ou a chama no candil non poden durar moito tempo acesas, así tamén coa axuda da divina providencia, no tempo do serenísimo rei don Afonso, alcumado o Casto, un anacoreta de nome Paio, que vivía preto do sepulcro onde xacía o corpo do Apóstolo, tivo primeiro unha revelación por medio de anxos e, despois, foi con moitos fieis onda a igrexa de San Fiz de Solovio e declararon que viran tamén unhas sagradas luciñas que alumeban un lugar misterioso e decidiron chamar ao bispo de Iria Teodomiro e revelarlle a súa santa visión. O prelado, logo de tres días de xaxún, na compañía dunha chea de devotos, descubriu o sepulcro do benaventurado Apóstolo, cuberto con pedras de mármore”¹⁹. A *Historia Compostelá*, mandada redactar polo arcebispo Diego Xelmírez (1120-1140), completa o relato dicindo que Teodomiro (¿810?-847), despois de atopar o sepulcro, “dán-dolle grazas a Deus, foi decontado en presenza do rei Afonso o Casto, que daquela reinaba en España [en realidade, era no reino de Asturias, ao que Galicia pertencía], e fíxoo sabedor da veracidade do asunto, consonte llo contaran e vira cos seus propios ollos; o rei en persoa, enchido de gozo por tan boa e magna nova, con paso apresurado veu a estas terras, reedificou un templo na honra de tan grande apóstolo e trasladou o episcopado da sé iriense ao lugar chamado Compostela”²⁰.

A PEREGRINACIÓN AO SANTUARIO COMPOSTELÁN POLOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

O culto ao apóstolo Santiago estendérase xa antes da *inventio* ou descubrimento do seu sepulcro polo eremita Paio e o bispo Teodomiro (¿810?-847) polos reinos da Península Ibérica e mesmo tamén por Francia, Italia, Inglaterra e toda a Europa Occidental²¹, pero recibiu o seu pulo definitivo co achado dos seus restos e a construción dunha basílica onde os cristiáns os puidesen venerar, viaxando até Compostela polos diversos Camiños de Peregrinación. O templo foi mandado levantar polo rei Afonso II o Casto (791-842), no ano 829, sobre o primitivo mausoleo onde se atopara o sepulcro e, ao seu abeiro, medrou o primeiro núcleo do que pouco despois sería Compostela.

19. Tomado e traducido do texto latino recollido en CARRO OTERO, J.: *La escritura de Concordia entre Don Diego Peláez, Obispo de Santiago, y San Fagildo, Abad del Monasterio de Antealtares*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, fascículo XII, Madrid, 1949, p. 113 e 114.

20. Tomado e traducido de FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994, p. 70.

21. O propio *Códice Calixtino* recolle a aparición do Apóstolo nun soño diante do emperador Carlomagno (800-814), o soberano máis poderoso de Europa, para pedirlle, mesmo antes da *inventio* do seu sepulcro, que libere o seu pobo da invasión musulmá e dicirlle: “Estou moi abraído de que non teñas liberado a miña terra dos sarracenos, ti que tantas cidades e terras conquistaches. Polo cal fagoche saber que, así como o Señor te fixo o máis poderoso dos reis da terra, de igual maneira te elixiu entre todos para preparar o meu camiño e liberar a miña terra das mans dos sarracenos, e procurarache así unha coroa como recompensa eterna”; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit.*, Libro IV, capítulo I, p. 396. Tamén lle anuncia que despois desa liberación deberá “visitar a miña basílica e o meu sepulcro. E despois de ti irán alí peregrinando todos os pobos, de mar a mar [...], desde os teus tempos ata o fin da idade presente”; cfr. *ibidem*.

Durante os séculos IX e X, os sucesivos reis hispanos fomentaron tamén esta devoción con doazóns importantes²² e Afonso III (866-910), consciente do pequeno tamaño do templo e da escasa calidade dunha construción que tiña que albergar os restos dun dos tres apóstolos preferidos por Xesús, promoveu a edificación dunha nova igrexa no mesmo lugar, que será consagrada no ano 899²³ polo bispo Sisnando I (879-919). A basílica foi derruída en boa parte no ano 997, no ataque á cidade do caudillo musulmán Almanzor, que só respectou o sepulcro apostólico, pero o bispo san Pedro de Mezonzo (985-1003) e o rei Bermudo II (981-999) acometeron decontado a súa reconstrución.

Así e todo, o impulso maior para que Compostela se convertese nun dos centros de peregrinación principais da cristiandade, xunto con Roma e Xerusalén, produciuse nos séculos XI e XII. A superación dos temores de que se acabase o mundo no emblemático ano 1000, a autoafirmación do Norte peninsular cristián fronte aos ataques musulmáns –atribuída en moitos casos á intercesión do Apóstolo– e o inicio –promovido polo bispo Diego Peláez (1071-1094) e patrocinado polo rei Afonso VI (1072-1109)– da construción en 1075 da basílica románica que albergase de maneira definitiva e coa grandeza que merecían os restos mortais do apóstolo Santiago contribuíron de modo decisivo ao aumento do fenómeno da peregrinación a Compostela, quer de xentes procedentes dos reinos hispanos quer do resto de Europa.

No ano 1120, o primeiro arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez (1120-1140), deu-lle o empurrón que necesitaba á construción da basílica e desenvolveu ao longo do seu pontificado unha intensa actividade a prol da promoción do culto xacobeo e das peregrinacións a Compostela. Neste sentido, cómpre destacar o interese que mostrou para que os máis prestixiosos clérigos e intelectuais de Europa traballasen na redacción de dous libros tan transcendentais como a *Historia Compostelá* e o *Códice Calixtino*²⁴ e o seu empeño en conseguir que, a través do Camiño de Peregrinación, Compostela se convertese nunha cidade santa aberta a todos os pobos de Occidente, centro espiritual e comercial de relevancia universal e nun modelo a imitar por toda a cristiandade. Xelmírez (1120-1140) consagrou o altar maior da basílica, pero as obras para o remate do templo, co seu pasa-

22. Os sucesores de Afonso II (791-842) visitaron como el o sepulcro e apoiaron economicamente á cidade de Compostela como centro de peregrinación. Talvez o paso máis decisivo foi a instauración do Voto de Santiago por parte de Ramiro I (842-850) despois da mítica intervención do Apóstolo a prol do seu exército na batalla de Clavijo, pero tamén cómpre destacar a repoboación de Galicia impulsada por Afonso III (866-910), as súas dúas visitas á cidade compostelá e a doazón da valiosa cruz grega de ouro e pedras preciosas, símbolo do Reino, roubada da catedral en 1906; a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo ten unha fermosa réplica desta cruz realizada en 2003 polo obradoiro do ourive compostelán Ángel Iglesias.

23. O Museo da Catedral de Santiago de Compostela acolle unha reconstrución da maqueta da basílica que Afonso III (866-910) mandou edificar e un fragmento orixinal dunha ventá de granito; tamén se poden ver estas pezas en YZQUIERDO PEIRÓ, R.: *Domus Iacobi. A historia da Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 2011, p. 22 e 23.

24. Cfr. FALQUE REY, E. (ed.): *Historia...*, op. cit. e LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit.; é unha mágoa que só teñamos publicado en galego o *Códice Calixtino*; ¿para cando unha edición na nosa lingua da *Historia Compostelá*?, que si conta con varias versións en castelán.

mento, tiveron un parón até que o rei Fernando II (1157-1188) lle concedeu no ano 1168 unha pensión vitalicia ao Mestre Mateo para que as rematase, en tempos do arcebispo Pedro Gundestéiz (1168-1173); a consagración da catedral non se celebrou até 1211²⁵, baixo o pontificado de Pedro Muñiz (1207-1224) e o reinado de Afonso IX (1188-1230), hoxe enterrado no Panteón dos Reis da catedral compostelá, que asistiu á cerimonia acompañado do seu fillo, o infante e futuro rei Fernando III o Santo (1230-1152), que recuperou as campás roubadas no ano 997 por Almanzor.

A idea, impulsada polo rei Afonso II o Casto (791-842), de converter a Santiago no santo protector dos cristiáns nas súas disputas territoriais e políticas contra os musulmáns callara en toda a Península Ibérica e estendérase tamén a outros pobos de Europa, pero a fama de que “a santa virtude do Apóstolo, trasladada das terras de Xerusalén á zona de Galicia, brilla cos seus divinos milagres”²⁶ non é menor. Diante do seu sepulcro chegaron, dende o século IX até hoxe, peregrinos de todos os pobos da terra, coas máis diversas súplicas e de todas as condicións sociais, e a cidade de Compostela medrou a carón do seu santuario e converteuse na capital cultural e espiritual do europeísmo. Como afirma con paixón Otero Pedrayo, “talvez podería escribirse unha historia do mundo sen citar máis que unha cidade ibérica: Compostela. Ela, sen forza política nin autoridade dogmática, dinamizou o Occidente, a peregrinación creou o camiño e este, conectando, elevando e afirmando ás diversas xentes de Europa e do mundo, foi camiño de perfección da conciencia europea”²⁷. Castelao, pola súa parte, rexeita o internacionalismo cando “supón a morte das patrias, convertindo así o mundo en campo único onde a loita de clases reemprace aos antagonismos nacionais”²⁸, e prefere o universalismo, que tan ben representa o verdadeiro sentido do Camiño de Santiago²⁹, porque “respeita os valores culturaes que distinguen aos diversos grupos hestóricos. Os universalistas non renegamos do amor á patria nin á humanidade, compaxinando ambos amores en perspectivas posibles, en froitos de paz”³⁰.

Este espírito europeísta e universal do Camiño de Santiago, proclamado, entre outros, por estes dous egrexios galeguistas e mesmo polo papa Xoán Paulo II (1978-

25. O Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento patrocinou en 1951 a maqueta da hipotética reconstrución da basilica realzada por Richard Brooks consonte as investigacións de Conant entre 1924 e 1925; pode verse en YZQUIERDO PEIRÓ, R.: *Domus...*, op. cit., p. 74 e 75.

26. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 209.

27. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004, p. 138 e 139.

28. Cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre en Galiza*, t. II, A Coruña, 2001, Libro IV, capítulo II, p. 257.

29. Castelao destaca o significado “que para nós ten o día do Apóstolo, convertido en Día de Galiza por ser a mellor afirmación do noso universalismo, pois sendo tan galega esta festividade non caben os seus motivos no estreito marco dunha soia patria. O seu carácter relixioso provén do misticismo cabaleiresco da Edade Media, francamente europeo, atlántico e occidental; o seu carácter patriótico dimana da ofensiva oito veces secular iniciada en Galiza contra o Islam; e o seu carácter civil provén da confluencia dos camiños de Europa en Compostela e da irradiación do xenio de Galiza a través dos mesmos camiños”; cfr. *idem*, Libro IV, capítulo I, p. 247.

30. Cfr. *idem*, Libro IV, capítulo II, p. 257

2005) na súa peregrinación a Compostela no Ano Santo de 1982³¹, foi recoñecido tamén polo Consello de Europa, que o declarou Primeiro Itinerario Cultural Europeo en 1987, e pola UNESCO, que o considerou como Ben Patrimonio da Humanidade en 1993.

O Camiño Francés ou Vía Francíxena, a través das vías chamadas Turonense –que parte de París–, Lemovicense –que sae de Vézelay–, Podiense –que comeza en Le Puy– e a Tolosana –que principia en Arlés–, entra en España pola fronteira francesa, percorre as comunidades autónomas de Aragón, Navarra, A Rioxa, Castela e León e chega a Galicia por Pedrafita do Cebreiro. Esta é sen dúbida a ruta xacobeá máis coñecida e transitada ao longo da historia e o seu percorrido aparece descrito por Aimerico Picaud na primeira guía dos peregrinos a Santiago recollida no Libro V do *Códice Calixtino*, mandado facer polo arcebispo Diego Xelmírez (1120-1140)³². Os peregrinos chegados polo Camiño Vasco do Interior incorpóranse ao Camiño Francés en Santo Domingo de la Calzada; os que veñen polo Camiño do Ebro, en Logroño; os do Camiño de Sant Jaume, quer en Jaca quer en Logroño; os do Camiño de Levante, en Burgos; os do Camiño de Madrid, en Sahagún; os dos Camiños do Sueste, de Málaga e Granada e da Vía da Prata, en Astorga; os do Camiño do Norte, en Arzúa; e os do Camiño Primitivo, en Melide.

Así pois, todos os peregrinos que parten dende fóra da Península Ibérica e realizan toda a súa viaxe a pé, dacabalo ou en bicicleta entran por Francia e percorren, xa que logo, o Camiño Francés. A meirande parte dos que utilizan os Camiños que saen dos portos do Mediterráneo e o de Cádiz, chegasen a eles en barco ou non, tamén se incorporan a pé, dacabalo ou en bicicleta nalgún punto do seu percorrido a esta Vía Francíxena, coa excepción duns poucos que, dende o Camiño de Málaga e Granada ou a Vía da Prata, transitan polo Camiño do Sueste por Ourense. Os que chegan de fóra da Península Ibérica en barco polo Cantábrico e parten dos seus portos ou os que se incorporan dende calquera punto do Camiño do Norte a pé, dacabalo ou en bicicleta conflúen, como xa vimos, en Arzúa co Camiño Francés e os que viñan dende Oviedo polo Camiño Primitivo, en Melide.

Os peregrinos, chegados polo Atlántico ou non, que pasan por Portugal transitan a pé, dacabalo ou en bicicleta polo Camiño Portugués, que entra en Galicia quer por Tui quer pola Guarda, e non pisan o Camiño Francés; tamén se incorporan ao Camiño Portugués os que veñen en barco aos portos galegos de Baiona, Vigo e Pontevedra ou calquera peregrino que parta destas cidades a pé, dacabalo ou en bicicleta. Os que entran en

31. Dende a catedral compostelá, ao pé do Obradoiro, talvez a praza máis fermosa do mundo e sen dúbida a máis europeísta, que acolle o nome de Pontedeume na fachada do Pazo de Raxoi, o papa Xoán Paulo II (1978-2005) recoñece que “Europa enteira se atopou a si mesma arredor da memoria de Santiago nos séculos en que se edificaba como continente homoxéneo e unido espiritualmente”.

32. Os relatos dos peregrinos a Santiago, con especial atención ao *Códice Calixtino* e aos realizados por viaxeiros que viñan a Compostela polo Camiño Portugués xa foron tratados en FONTE SARDIÑA, J. M.: “La literatura odepórica o de viajes en el Camino Portugués”, en *III Edición Becas de Investigación Caminos Jacobeos. Año 2009*, Santiago de Compostela, 2011, p. 145-188.

barco dende o Atlántico pola Ruta do Mar de Arousa e o río Ulla, como o fixo a lendaria barca na que Teodoro e Atanasio trouxeran os restos do apóstolo Santiago, seguen o seu percorrido a pé, dacabalo ou en bicicleta dende Pontecesures polo Camiño Portugués.

De moitos países de Europa chegaban tamén peregrinos aos portos ingleses até as cidades portuarias galegas da Coruña e Ferrol e dende alí emprendían a súa viaxe cara á tumba do apóstolo Santiago polo denominado Camiño Inglés, outra das poucas rutas xacobeas que non desembocan na Vía Francígena.

Ademais, algúns peregrinos que chegan a Compostela dende todos os Camiños de Santiago, continúan a súa viaxe xacobeas até Fisterra ou Muxía³³.

PEREGRINACIÓN MARÍTIMA A COMPOSTELA DENDE OS PORTOS INGLESES

A tradición recolle, como xa se dixo, a predicación de Santiago en terras hispanas, o posterior traslado a Galicia por Teodoro e Atanasio do seu corpo inmolado en Xerusalén e o descubrimento da tumba cos seus restos no antigo bosque Libredón –onde se levantou un templo para os albergar–; todo isto, unido ao apoio dos monarcas hispanos e dos preladados composteláns, ao recoñecemento da cidade de Santiago por parte da Igrexa universal como un dos tres principais centros de peregrinación da cristiandade e á fama de que o santo apóstolo realizaba numerosos milagres a prol dos devotos que visitaban o seu santuario –divulgados polos que peregrinaban até o seu sepulcro e relatados tamén polo Libro II do *Códice Calixtino*³⁴–, fixo que viñesen veneralos a Galicia xentes dende todas as partes do mundo e das máis diversas condicións.

É indiscutible que a ruta máis transitada era, como acontece aínda hoxe, o chamado Camiño Francés, pero, entre os séculos XII e XVI, moitos devotos de Santiago acudían ás cidades portuarias inglesas de Southampton, Plymouth, Bristol e outras, procedentes de Irlanda, Escocia, Islandia, Noruega, Suecia, Finlandia, Illas Feroe, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Alemaña, Dinamarca, Países Baixos e mesmo do Norte de Francia³⁵, e dende alí partían, como tamén o facían moitos ingleses, polo océano Atlántico até os portos galegos de Ferrol e A Coruña, pero tamén de Ortigueira, Cedeira, Pontedeume e outros, para logo acudir por terra –a pé ou dacabalo; na actualidade tamén o fan en bici-

33. Un mapa moi completo dos Camiños de Santiago en Europa pode verse en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos de Camino*, Santiago de Compostela, 2003, p. 332 e 333.

34. Véxase LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, p. 335-373.

35. O sermón coñecido como *Veneranda Dies* di que viñan como peregrinos a Compostela “xentes bárbaras e civilizadas de todas as partes do mundo” e cita entre eles os normandos, escoceses, irlandeses, teutóns, ingleses, bretóns, de Cornualles, flamengos, frisóns ou noruegueses que, como xa se dixo, podían realizar a súa viaxe a Compostela dende os portos ingleses; cfr. *idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 209 e 210.

clata— na procura do sepulcro do Apóstolo en Compostela polo Camiño Inglés. Así e todo, Singul Lorenzo asegura que os contactos comerciais e culturais establecidos polo océano Atlántico entre as Illas Británicas e Galicia cómpre remontalos cando menos á Idade de Bronce, a finais do terceiro milenio antes de Cristo; pola súa parte, Arias Vilas resalta tamén a importancia que tiveron moito máis tarde as vías marítimas no proceso de romanización e afirma que César chegou ao golfo Ártabro, que comprende as rías da Coruña, Ferrol, Betanzos e Ares, e que, durante os séculos I e II, os portos ártabros tiveron unha febril actividade marítima, comercial e pesqueira a través do Atlántico e resistiron con firmeza os ataques dos piratas³⁶. Xa que logo, os peregrinos o que fixeron foi aproveitar estas vellas rutas existentes para chegar a Galicia por mar. Así e todo, tamén é certo que moitos dos que partían polo Atlántico dende Inglaterra desembarcaban nos portos franceses ou do Cantábrico hispano e galego, e realizaban a viaxe a Compostela polos Camiños Francés ou do Norte.

A evanxelización dos Países Baixos, segundo Singul Lorenzo, está ligada á predición que alí realizou un fervoroso devoto de Santiago o Maior, o frisón Liudger, “que peregrinou até o lugar onde repousaban os restos de Santiago no 800, uns vinte ou trinta anos antes do descubrimento da edícula sepulcral polo bispo Teodomiro de Iria”³⁷. A cidade de Liexa foi a primeira dos antigos Países Baixos en levantar un templo dedicado a Santiago, en 1014. Por outra banda, como destaca o propio Singul Lorenzo, “célebres foron as viaxes piadosas do bispo Nicolás de Cambria a Compostela, en 1153; do frisón Asego e a condesa neerlandesa Sofía en 1170, e a do conde de Flandres, Filipe de Alsacia, en 1172”³⁸. Dende a localidade holandesa de Vlaardingen, preto de Róterdam, embarcaron en 1217 uns cruzados a Terra Santa, ao mando do conde Guillerme I de Holanda (1203-1222), cara ao porto inglés de Dartmouth e alí puxeron rumbo á cidade da Coruña, dende onde peregrinaron a Compostela antes de ir loitar a Xerusalén contra os musulmáns. Así e todo, dende estas terras tamén viñan a Santiago andando ou dacabalo peregrinos polo Camiño Francés. Por outra banda, desde o punto de vista artístico, terá unha especial relevancia a chegada a Galicia dende estas terras de Cornielles de Holanda e a súa influencia na escultura galega en madeira e pedra da primeira metade do século XVI; talvez un dos mellores traballos deste autor sexa a fermosa imaxe da Virxe de Prima que se aloxa na catedral de Santiago de Compostela.

En Alemaña, segundo Robert Plötz, dende o século IX eran xa coñecidas as noticias da *translatio* dos restos do Apóstolo a España e do seu enterramento en Galicia en

36. Véxanse SINGUL LORENZO, F.: “Peregrinos ingleses a Santiago. A ruta marítima”, e ARIAS VILAS, F.: “A romanización de Galicia e os camiños marítimos”, en SINGUL, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín... op. cit.*, p. 143-147 e 47-51, respectivamente.

37. Tomado e traducido de SINGUL LORENZO, F.: “Galicia, Santiago y los Países Bajos: entre la memoria jacobea y la devotio moderna”, en GALANTE GÓMEZ, F. J. e GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Stella Peregrinantium. La Virgen de Prima y su tiempo*, Santiago de Compostela, 2004, p. 29.

38. *Ibidem*.

moitos lugares de tradición monástica culta; ademais, no X, xa se celebraba a súa festividade, consonte recollen todos os calendarios bávaros da época, e moitas parroquias estaban acollidas á súa advocación. Por outra parte, tamén nesta centuria hai constancia da chegada de peregrinos a Compostela, nobres ou de condición humilde, procedentes de Alemaña, como a do abade Werinhar (968-982), do mosteiro de Fulda³⁹. Adam de Bremen, contra a segunda metade do século XI, na súa *Gesta Hammaburgensis ecclesiae pontificum*, fala dunha reliquia da man do apóstolo Santiago que o arcebispo Adalberto de Bremen (1043-1072) recibira como agasallo do bispo Vitale de Torcello (1014-1047) e que logo lle doou ao tesouro imperial xermánico de Henrique IV (1056-1106) co gallo do seu pasamento⁴⁰; hoxe está custodiada na igrexa católica inglesa de San Pedro de Marlow-on-Thames. Pola súa parte, contan Herbers e Plötz que o bispo Embrico de Würzburg (1125-1146) viaxou en 1138 a Compostela para recoller unha reliquia do Apóstolo destinada ao mosteiro alí dedicado a Santiago, do que foi primeiro abade o escocés Macario en 1139⁴¹. Tamén eran coñecidos os milagres de Santiago recompilados no século XII no Libro II do *Códice Calixtino*⁴² e a intervención do emperador Carlomagno (800-814) para liberar dos sarracenos a terra onde o Apóstolo descansaba xa para sempre, despois de que este llo pedise cando se lle apareceu nun soño, como recolle o propio *Codex* no Libro IV⁴³. Moitos peregrinos alemáns chegaron por mar a Galicia, pero tamén é certo que outros o facían por terra a través do Camiño Francés.

Os dous primeiros peregrinos xacobeos ingleses coñecidos foron, segundo Wendy R. Childs, “Richard Maulever de Yorkshire (1100-1104) e Ansgot de la Haye de Lincolnshire (1094-1123), que lles doaron terras a varios mosteiros franceses como agradecemento por ter regresado sans e salvos de España”⁴⁴; aínda que esta honra tamén lles é disputada por san Goderico de Finchale, que visitou Compostela na súa viaxe de volta a Inglaterra despois de ir a Terra Santa contra 1102. Por outra banda, como se viu, a idea, impulsada polo rei Afonso II o Casto (791-842), de converter a Santiago no santo protector dos cristiáns nas súas loitas territoriais contra os musulmáns prendera en toda a Península Ibérica e estendérase tamén por outros pobos de Europa; así, en 1147, un escuadrón de cruzados ingleses, alemáns e flamengos acudiu dende Inglaterra en axuda de Afonso I o Conquistador (1139-1185), autoproclamado primeiro rei de Portugal, na súa

39. Véxase PLÖTZ, R.: “Alemania jacobea”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos...*, *op. cit.*, p. 77-85.

40. Cfr. WAITZ, G. (ed.): *Adami. Gesta Hammaburgensis ecclesiae pontificum*, Hannover, 1876, Libro III, capítulo LXVI, p. 145.

41. Cfr. HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al “fin del mundo”*, Santiago de Compostela, 1999, p. 33.

42. Véxase LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, *op. cit.*, Libro II, p. 335-373.

43. *Idem*, Libro IV, p. 391-463.

44. Tomado e traducido de CHILDS, W. R.: “Inglaterra. Peregrinos a Santiago”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos...*, *op. cit.*, p. 59.

loita contra os sarracenos e, antes de iniciar a batalla, foron onda a tumba do apóstolo Santiago para invocar a súa protección; o cruzado inglés Osberno, testemuña presencial da viaxe, narra en *De expugnatione Lixbonensi* o seu paso por Ortigueira, polo porto da Coruña por unha ponte de pedra de vinte e catro arcos –Herbers e Plötz sitúana en Pontedeume pero en realidade estaba na cidade coruñesa–, pola desembocadura do Tambre na ría de Noia e por Iria, preto xa de Compostela⁴⁵. Entre os séculos XII e XV, acudiron ao santuario apostólico dende os portos ingleses xentes de toda condición e dos máis diversos estamentos sociais; entre a realeza, veu Matilde, a filla de Henrique I de Inglaterra (1100-1135), en 1125; Herbers e Plötz falan, así mesmo, dun pobre poseso que peregrinou a Compostela despois de recibir a promesa do tamén peregrino en 1167 san Tomé Becket (1163-1170), arcebispo de Canterbury, de que sandaría se visitaba as tumbas de Santiago, en Compostela, e san Pedro, en Roma⁴⁶.

O primeiro en peregrinar a Compostela dende terras escandinavas foi o rei Sigurd de Noruega (1103-1130), en 1108, e a súa viaxe por vía marítima, cunha frota de sesenta barcos, foi narrada un século máis tarde por Snorri Sturloson na súa obra *Heimskringla*; en Santiago pasou o rei todo o inverno de 1108⁴⁷. Despois del seguiron chegando peregrinos a Compostela dende o século XII procedentes de Noruega, Dinamarca, Suecia, Islandia ou Finlandia; así e todo, a peregrina máis importante que veu dende estas terras foi a sueca santa Bríxida que, seguindo unha tradición familiar iniciada pola súa bisavoa e continuada polo avoa e mais a nai, viaxou até a tumba apostólica, acompañada polo seu home, en 1341⁴⁸. Moitos destes peregrinos partían en barco dende os portos ingleses e, cando arribaban ás cidades de Ferrol e A Coruña, emprendían a súa viaxe por terra a Compostela; así e todo, algúns chegaron tamén polo Camiño Francés. Por outra banda, segundo Vicente Almazán, “sabemos por uns inventarios de reliquias de varias igrexas danesas da primeira metade do século XVI que o templo de Santa María de Copenhague, os conventos franciscanos de Roskilde e Copenhague e a catedral de Lund custodiaban varias reliquias de Santiago o Maior”⁴⁹.

No século XIII, a viaxe marítima floreceu coa expansión da economía en Europa. Os peregrinos escandinavos, flamengos, escoceses, irlandeses e, sobre todo, os ingleses aproveitaban as rutas comerciais ou de barcos de mercadorías para arribar aos portos de

45. Cfr. DAVID, C. W. (ed.): *De expugnatione Lixbonensi. The conquests of Lisbon*, Nova York, 2001, p. 62-65; e HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron...*, op. cit., p. 33.

46. Cfr. HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron...*, op. cit., p. 34.

47. LAING, S. (ed.): *Heimskringla or The Chronicle of the Kings of Norway, by Snorri Sturlson (c. 1179-1241)*, Londres, 2008 (primeira edición 1844), p. 566-602.

48. Cfr. MARTÍNEZ RUIZ, E. e PAZZIS PI CORRALES, M. DE (ed.): *El mundo escandinavo. Santa Brígida y el Camino de Santiago*, Santiago de Compostela, 2002.

49. Tomado e traducido de ALMAZÁN, V.: “El Norte de Europa y lo jacobeo”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos...*, op. cit., p. 51.

Galicia e, dende alí, iniciar a súa peregrinación a Compostela para venerar a tumba do apóstolo Santiago. Malia que a meirande parte recalaba nestas terras polo porto de reguengo da Coruña, tamén chegaban por mar a Ferrol, Ribadeo, Viveiro, Muros, Noia, Betanzos ou Pontedeume. Contra o ano 1216, o arcebispo Henry de Dublín (1213-1228) fundou nesta cidade, sé da súa arquidiocese, un hospital para os peregrinos que alí agardaban as condicións favorables para comezar a súa viaxe por mar a Compostela, quer directamente dende este porto irlandés, quer facendo escala noutros ingleses.

No século XIV, o porto da Coruña consolidouse como a principal vía de entrada dos peregrinos que viñan por mar a Galicia, sobre todo porque as rutas terrestres europeas se converteran en lugares inseguros para os camiñantes, por mor da chamada Guerra dos Cen Anos (1337-1453). A través de salvocondutos colectivos ou individuais, a seguridade dos peregrinos marítimos estaba garantida. Ademais, a florecente actividade económica en moitas cidades portuarias inglesas, como Bristol, Southampton ou Plymouth, e noutras como Londres, contribuíu tamén a que a meirande parte dos barcos de mercaderías incluísese na súa pasaxe viaxeiros que se dirixían cara a Compostela. O transporte de peregrinos converteuse, como afirma Ferreira Priegue, “nun negocio lucrativo para os armadores e patróns dos numerosos portos do sur de Inglaterra desde os anos sesenta do século XIV [...], polas pasaxes que lles cobran a estes peregrinos, que tamén comercian abertamente [...], e porque as licencias e salvocondutos que levan lles permiten continuar uns intercambios [...] nos que ambas as partes estaban moi interesadas. As cifras de movemento que temos son moi elevadas, e esta corrente [...] canaliza o grosco do seu comercio ata a fin das peregrinacións inglesas”⁵⁰.

Estes peregrinos realizaban unha parte da súa viaxe por mar até os portos galegos da Coruña e Ferrol, e a outra, a pé ou dacabalo polas dúas vías que lles ofrecía o Camiño Inglés en Galicia. Así e todo, a travesía polo Atlántico dende Inglaterra era ás veces complicada; Wendy R. Childs refire un relato anónimo dun peregrino inglés pola ruta marítima no que describe “a nave ategada e ruidosa, a conduta violenta dos mariñeiros e aos peregrinos xemendo mareados sen poderen durmir e a piques de morreren cando a bomba cheirenta do barco se atopaba preto dos seus leitos”⁵¹; non obstante, esta vía parecía moito máis segura que o tránsito por países involucrados daquela en conflitos bélicos. A outra posibilidade que tiñan os peregrinos procedentes de Inglaterra era chegar por mar, nunha viaxe moito máis curta e menos complicada, ben aos portos do Norte de Francia e dende alí iniciar unha longa e pesada peregrinación a pé ou dacabalo polo Camiño Francés, ben aos portos do Cantábrico do País Vasco, Cantabria, Asturias ou mesmo ao galego de Ribadeo, para se dirixir a Santiago polo Camiño do Norte.

50. FERREIRA PRIEGUE, E.: “O cambio de rumbo do comercio marítimo na Baixa Idade Media”, en SINGUL, F. (dir.): *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela, 2006, p. 174.

51. Tomado e traducido de CHILDS, W. R.: “Inglaterra...”, *op. cit.*, p. 61.

A fama de santuario milagroso que tiña a basílica que albergaba os restos do apóstolo Santiago e a concesión por parte da Igrexa de numerosas indulxencias moveron a moitos fieis ingleses –que mesmo chegaron a contratar dende as parroquias viaxes colectivas en barcos– a peregrinar a Santiago de Compostela. Dende a sinatura do Tratado de Brétigny en 1360, que abría un período de paz con Francia, a Coroa de Inglaterra dispensoulles a estes barcos de pasaxeiros, que xa non transportaban mercadorías, os oportunos permisos para que puidesen levar a Galicia os peregrinos. Como Singul Lorenzo asegura, “entre finais do século XIV e principios do XV especialízanse neste negocio algúns portos do suroeste, como Plymouth, onde hai armadores que adquiren licencias da Coroa para levaren un certo número de peregrinos, entre trinta e oitenta, aínda que algúns transportan máis de cen”⁵². Nos propios *Contos de Canterbury*, escritos entre 1380 e 1400, Geoffrey Chaucer utiliza como personaxes uns viaxeiros dende Londres á tumba de san Tomé Becket en Canterbury; unha deles, a Comadre de Bath, peregrinara tamén a Santiago de Compostela, Roma e Xerusalén⁵³.

Onda o sepulcro apostólico chegaron ingleses de todos os extractos sociais, pero pola importancia da súa actividade diplomática podemos destacar a viaxe de Xoán de Gante, fillo de Eduardo III de Inglaterra (1327-1377) e esposo de Constanza, filla e herdeira de Pedro I o Cruel (1350-1369)⁵⁴; Xoán de Gante peregrinou a Compostela en 1386, cando loitaba nestas terras pola coroa da súa muller, e asinou o tratado de Baiona dous anos máis tarde co daquela príncipe de Asturias, logo Henrique III o Doente (1390-1406), que casou coa súa filla Catarina (1390-1418); con esta voda, en 1388, Xoán de Gante e Constanza renunciaron aos seus dereitos dinásticos, o que permitiu establecer a paz entre Inglaterra e Castela, a cuxa coroa estaba unido daquela o Reino de Galicia. Na súa negociación co rei Xoán I (1379-1390) e o príncipe de Asturias, o seu futuro xenro, Xoán de Gante logrou que se lles garantise unha protección especial aos peregrinos xacobeos.

Este importante fluxo humano onda as costas galegas obrigou á Coroa de Inglaterra a extremar as medidas de control e a vixiar con celo as licenzas e salvocondutos que concedía, para poder limitar a evasión de capitais e obxectos de valor, e garantir a seguridade do Reino pola posible saída de espías que lles puidesen proporcionar información estratéxica aos países inimigos. Malia os severos controis, a saída de capital era considerable e inevitable para facerlles fronte aos gastos da viaxe e a estada en Galicia. Os ingleses chegaban coa súa moeda a Santiago, como o proban as pezas numismáticas dos séculos XIV e XV atopadas nas escavacións da catedral de Santiago e noutros lugares de Galicia, como Betanzos, polos que atravesaba o Camiño Inglés.

52. SINGUL, F.: “O Camiño de Santiago no século XV: rutas terrestres e peregrinacións marítimas”, en SINGUL, F. (dir.): *Os Capítulos...*, op. cit., p. 477.

53. Pode verse en GUARDIA, P. (trad.): *G. Chaucer. Cuentos de Canterbury*, Cátedra, Madrid, 1991, p. 75.

54. A complicidade no fratricidio de Pedro I (1350-1369) a mans de Henrique II (1369-1379) fóralle atribuída por algúns a Fernán Pérez de Andrade o Bo, polo que o novo rei lle concedera, en 1371, o señorío de Pontedeume.

Humbert Jacomet fala da existencia dun salvoconduto que o rei Henrique IV de Inglaterra (1399-1413) lles entregou en 1411 a catro comerciantes normandos, que os facultaba para transportar até os portos de Galicia unha determinada carga destinada ao comercio e, ademais, a douscentos peregrinos. Este prestixioso investigador francés destaca a satisfacción dos comerciantes normandos, xa que os barcos ingleses tiñan unhas restricións maiores, dado que lles estaba prohibido sacar calquera obxecto de metal precioso e só podían levar peregrinos de condición humilde⁵⁵.

Entre outros relatos de peregrinacións marítimas a Santiago destaca o de Margery Kempe que, vendo a súa vida en perigo, lle pediu a Deus que lle concedese ir onda a tumba do Apóstolo antes de morrer. En 1417 partiu do porto inglés de Bristol, logo de moitas dificultades para que lle permitisen embarcar e despois de recibir a bendición do bispo Thomas Peverel de Worcester (1407-1419), e chegou a Compostela en sete días; estivo en Galicia case medio mes e a viaxe de regreso a Bristol durou cinco xornadas⁵⁶.

Como había moitos peregrinos que realizaban a súa viaxe para lograr indulxencias, o arcebispo don Lope de Mendoza (1400-1445), no pontificado de Uxío IV (1431-1447), instituíu a celebración regular dos anos xubilares a partir de 1434, segundo López Alsina, o primeiro Ano Santo Compostelán da historia. Porén, o propio López Alsina presenta un cadro elaborado con datos oficiais que mostran que xa no ano 1395, no que a festividade de Santiago coincidiu en domingo, chegaran dende Inglaterra preto de dous mil peregrinos a Compostela, cifra que case quintuplicaba a media dos anos desa década; que en 1423, no que a festa do Apóstolo foi tamén en domingo, viñeran máis de seiscentos, o que supoñía quintuplicar a media de peregrinos ingleses desas dúas décadas; ou que outro ano en que o vinte e cinco de xullo foi domingo, o 1428, se rexistrasen máis de catro mil peregrinos chegados de Inglaterra, que superaban con moito a media e eran mesmo case mil máis que os tres mil cen computados en 1434, o primeiro Ano Santo Compostelán da historia; isto podería xustificarse polo feito de que xa neses anos comezase a concederse a indulxencia plenaria pola visita á tumba do Apóstolo, pero só no día da celebración da festa ou a súa véspera e sempre que aquela acontecese en domingo⁵⁷. Ademais, consonte recolle a *Bula Regis Aeterni*, promulgada polo papa Alexandre III (1159-1181) contra o ano 1179 –considerada falsa por algúns investigadores–, xa Calisto II (1119-1124) lle outorgara á arquidiocese de Santiago de Compostela en 1122 o privilexio de concederlles indulxencia plenaria ese ano a todos os que visitasen o sepulcro apostólico. Sexa como for, os peregrinos que, cando menos dende 1434, viñan venerar a Santiago a tumba do Apóstolo podían

55. Véxase JACOMET, H.: “Santiago de Compostela e as peregrinacións marítimas dende as costas francesas”, en SINGUL, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín... op. cit.*, p. 152.

56. Cfr. BUTLER-BOWDON, W. (ed.): *The book of Margery Kempe*, 1436, Londres, 1936.

57. Véxase LÓPEZ ALSINA, F.: “Años Santos Romanos y Años Santos Compostelanos”, en CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.): *Santiago, Roma, Jerusalén. Actas del III Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 1999, p. 213-242.

beneficiarse da indulxencia plenaria calquera día do Ano Xubilar –esta graza concedíase sempre que a celebración da festividade de Santiago, o vinte e cinco de xullo, coincidise en domingo–; ademais, podía obterse tamén a indulxencia plenaria nos restantes anos o día vinte e cinco de xullo. A frecuencia da celebración dos Anos Santos Composteláns –cada seis, cinco, seis e once anos– é mesmo maior que a do xubileu romano.

Por outra banda, o decreto promulgado en 1478 polo papa Sixto IV (1471-1484), no que se citaban os tres centros principais de peregrinación da cristiandade –Xerusalén, Roma e Compostela– e polo que se dispensaba un voto a prol das “peregrinationes ultramarinae, et visitationis ad limina Apostolorum Petri e Pauli, in Compostella”, axudou tamén a consolidar a importancia dos Camiños de Santiago en todo o Occidente.

Os anos do século XV nos que está documentada unha meirande afluencia de peregrinos que chegaban polo océano Atlántico a Galicia para facer o Camiño Inglés de Santiago foron o 1428, no que partiron de Inglaterra cincuenta e sete barcos, e o 1434 –o primeiro Ano Xubilar Compostelán da historia dende que foi instituído de xeito regular–, no que viñeron a Galicia sesenta e catro barcos ingleses. Así e todo, estes datos son só os recollidos na documentación oficial, pero é indiscutible que, fóra destes controis, arribaban tamén por mar aos portos galegos, sobre todo aos da Coruña e Ferrol, moitos máis peregrinos para realizar a pé ou dacabalo a ruta xacobeá. O lembrado profesor Díaz y Díaz asegura que “se calcula, a partir dos rexistros reais de salvocondutos, que só nos Anos Santos dos séculos XV e XVI peregrinan uns vinte e cinco mil ingleses, que nunca constituíron o grupo máis numeroso. No seu longo camiñar a Santiago foron deixando todos os peregrinos retallos da súa vida, ás veces a vida mesma. Pois se entendía e aceptaba que o Camiño era sufrimento”⁵⁸. Un documento do *Tombo F da Catedral de Santiago*, datado en 1456, fala da doazón e ofrenda, realizadas polo peregrino inglés e párroco de Chal na illa de Wight, John Goodyear, dun retablo en madeira e alabastro da vida de Santiago, conservado hoxe no Museo da Catedral, onde se representan as escenas da Chamada de Cristo a Santiago, a súa Misión apostólica, a Predicación, o Martirio e a *Translatio* do seu corpo a Galicia⁵⁹.

A literatura odepórica recolle tamén a experiencia de William Wey, no seu relato titulado *Itinerarium peregrinorum*. Este peregrino inglés foi a Plymouth na procura dun barco que o levase a Galicia e puido elixir o *Mary White* entre outros seis que agardaban nese porto. Dende alí partiu o dezasete de maio de 1456 e arribou á Coruña catro días despois. Visitou a tumba do Apóstolo en Compostela e xa estaba de regreso na Coruña unha semana máis tarde. Houbo de agardar até o cinco de xuño para emprender a viaxe de volta por mor do mal tempo e o nove de xuño xa aportara en Plymouth. Moitos peregrinos rea-

58. Tomado e traducido de DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *De Santiago...*, op. cit., p. 264.

59. Pode verse tamén en YZQUIERDO PEIRÓ, R.: *Domus...*, op. cit., p. 8 e 9.

lizaron unha experiencia semellante. William Wey di no seu relato que, cando recalou no porto da Coruña, había alí trinta e dous barcos ingleses, malia que a Coroa de Inglaterra só concedera dezanove licenzas para aquel ano, o que indica que o número de peregrinos reais que viñan destas terras debía ser moi superior ao recoñecido oficialmente. Conta, ademais, que había no devandito peirao outros cincuenta e dous barcos procedentes de diversas nacións do Noroeste de Europa⁶⁰. Outro relato verbo deste tema, contemporáneo do de William Wey, é *The vision of Willian concerning Piers Ploughman*, de William Langland, que proporciona unha imaxe crítica cos peregrinos, aos que acusa de mentireiros, vagos e frívolos⁶¹.

Como asegura Ferreira Priegue, no século XV, “a configuración do litoral galego trouxo consigo unha característica organización do urbanismo costeiro: o porto de fondo de ría, que monopoliza e canaliza todas as actividades mercantís da mesma [e tamén a chegada de peregrinos] e exerce unha relación de dominio sobre os portos menores. A isto superpónselle un sistema de privilexios de carga e descarga de cara ao tráfico estranxeiro [...] establecido xa de moi antigo; a estes privilexios vanse aferrar os portos tradicionais, un en cada ría, a ser posible, e compartindo augas nos casos de Noia e Muros, e A Coruña, Betanzos e Pontedeume”⁶². Así e todo, o porto por excelencia que recibía as mercadorías e os pasaxeiros que chegaban a Galicia a través das grandes rutas do Atlántico, e tamén do Mediterráneo, era o da Coruña. A futura raíña inglesa Catarina de Aragón (1509-1533), polo seu matrimonio con Henrique VIII (1509-1547), filla de Sabela I de Castela (1474-1504) e Fernando II de Aragón (1479-1516), alumados os Católicos, embarcou na Coruña en 1501 cara a Plymouth –aportou antes en Laredo por mor do mal tempo– para casar con Arturo, o primoxénito de Henrique VII (1485-1509) e se converter en princesa de Gales. Tamén o rei Filipe I o Feroso (1506) e a raíña Xoana a Tola (1504-1555), consonte un relato odepórico anónimo, viaxaron en barco, entre o vinte e dous e o vinte e seis de abril de 1506, desde o porto inglés de Falmouth até o da Coruña, onde foron visitados polo oitavo señor de Pontedeume e primeiro conde de Andrade, don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas; dende A Coruña partiron xa por terra, polo Camiño Inglés, a Betanzos e logo a Pontedeume, onde chegaron o vinte e nove de maio, e ao día seguinte foron a Santiago para visitar como peregrinos a tumba do Apóstolo⁶³; tamén fai alusión a esta viaxe dos reis de Castela o embaixador de Venecia Vicente Quirini no seu relato odepórico⁶⁴. Consonte a crónica realizada por Xoán de Vandenesse, o catro de maio de 1520

60. Cfr. DAVEY, F. (trad.): *The Itineraries of Willian Wey*, Oxford, 2010.

61. Cfr. GUARDIA, P. (trad.): *Willian Langland. Pedro el labriego*, Gredos, Madrid, 1997, p. 39.

62. FERREIRA PRIEGUE, E.: “O cambio...”, *op. cit.*, p. 176.

63. Cfr. GARCÍA MERCADAL, J. (trad.): *Viajes por España y Portugal*, t. I, Salamanca, 1999, p. 539-541.

64. *Idem*, t. I, p. 572.

chegou o rei Carlos I de España (1516-1556) e próximo emperador Carlos V do Sacro Imperio Romano Xermánico (1520-1558) dende Santiago de Compostela á cidade da Coruña e de alí embarcou o vinte de maio cara a Alemaña⁶⁵. Tamén refire Xoán de Vandenesse que o vinte e dous de xuño de 1554, o que pronto sería rei de España Filipe II (1556-1598) chegou a Compostela, onda a tumba de Santiago, polo Camiño Francés e dende alí foi, en dirección inversa, polo Camiño Inglés, pasando por Poulo e Cambre, até o porto da Coruña, onde chegou o vinte e sete de xuño; o doce de xullo partiu en barco cara á cidade portuaria inglesa de Southampton⁶⁶.

Un exemplo de comerciantes que navegaban cara aos portos galegos e aproveitaban o seu periplo para visitar a tumba do Apóstolo está recollido no relato odepórico da viaxe do alemán Lucas Rem en 1508, que chegou á Coruña polo Atlántico dende Lisboa e que, dende o peirao coruñés, se dirixiu, nunha xornada dacabalo, a Compostela, onde pasou tres días, e logo embarcou novamente na Coruña con destino a Augsburgo, pasando pola Bretaña, Inglaterra, os Países Baixos e Colonia⁶⁷. Tamén temos o relato da peregrinación a Santiago en 1531 do capitán suízo Heinrich Schönbrunner de Zug, que partiu cara ao porto francés de La Rochelle e alí embarcou con rumbo a Galicia; dende o porto da Coruña viaxou dacabalo a Compostela e así fixo tamén a viaxe de volta; na Coruña tomou outro barco cara á Bretaña francesa e logo regresou a La Rochelle⁶⁸.

As peregrinacións marítimas viviron momentos de esplendor durante o século XV e nos primeiros anos do XVI até que un acontecemento inesperado lle puxo fin a este período álxido. As desavinzas do rei Henrique VIII de Inglaterra (1509-1547) e a súa esposa, a española Catarina de Aragón (1509-1533), fixeron que o arcebispo de Canterbury, Thomas Cranmer (1533-1553), en 1533, declarase nulo o matrimonio e que lexitimase a nova voda entre o rei e Ana Bolena (1533-1536). O papa Clemente VII (1523-1534) respondeu a este desafío coa excomunión do monarca e ao ano seguinte o Parlamento inglés confirmou ao rei como cabeza suprema da Igrexa de Inglaterra. Todo isto desembocou na separación dos ingleses da Igrexa católica, a persecución dos disidentes e o declive definitivo da afluencia de peregrinos chegados dende aquelas terras. Como di Robert Plötz, “desapareceron, en primeiro lugar, os grandes continxentes de peregrinos ingleses, que arribaban por mar ao porto da Coruña, e tamén en notable proporción os grupos de alemáns, xentes humildes na súa meirande parte, que, segundo as fontes, pedían esmola cantando [...]. Os receos e desconfianzas da Inquisición contribuíron tamén ao declive e debi-

65. *Idem*, t. II, p. 85.

66. *Idem*, t. II, p. 233 e 234.

67. Cfr. GREIFF, B. (ed.): *Tagebuch des Lucas Rem aus den Jahren 1494-1541*, Augsburgo, 1861.

68. Cfr. STAUB, B.: “Hauptmann Heinrich Schönbrunner von Zug und sein tagebuch (1500-1537)”, *Der Geschichtsfreund*, 18, 1862, p. 205-225.

litaron durante moito tempo a dimensión europea da peregrinación á tumba apostólica, que sufriu unha profunda recesión”⁶⁹.

Como consecuencia da Reforma anglicana e a persecución do catolicismo resistente en Inglaterra, foron destruídas moitas obras de arte relixiosa que había nos templos, polo que comerciantes, homes piadosos ou tratantes de arte trouxeron a Galicia numerosas pezas inglesas para as salvar e que puidesen seguir sendo veneradas noutras terras. Isto aconteceu, segundo Franco Mata, “por mor do edicto de 1550, polo que os máis teimudos reformadores protestantes puxeron en práctica a masiva destrución de imaxes, coa conseguinte e dramática mingua do patrimonio do país [...]. Galicia atesoura imaxes e relevos –soltos e en conxuntos– moi notables, que delatan a extraordinaria incidencia da escultura inglesa en alabastro e madeira. Ducias de barcos ingleses arribaban anualmente á Coruña con cargamento de obras de arte do prezado material, cuxas reducidas dimensións propiciaban o transporte”⁷⁰. Entre estas imaxes podemos citar as tallas en madeira de Nosa Señora a Inglesa e de Santa Ana ensinándolle a ler á Virxe Nena, que foron vendidas no porto de Ferrol, máis tarde levadas ao mosteiro de San Martiño de Xuvia, en pleno Camiño Inglés, e logo doadas á catedral de Mondoñedo, onde hoxe se veneran; veu, así mesmo, con elas unha imaxe do Crucificado, chamada do Cristo das Cadeas, que actualmente se aloxa na igrexa de Santa María de Neda, tamén situada no Camiño Inglés que parte de Ferrol. Ademais e entre outras, o mosteiro de San Martiño Pinario, cuxa fachada barroca mira á Porta do Paraíso da catedral de Santiago de Compostela pola que entran, cando non é Ano Santo, os peregrinos procedentes do Camiño Inglés, acolle unha Virxe Inglesa en madeira e un relevo de alabastro no que se representa a escena da Epifanía; o Museo Provincial de Lugo, unha estatua en alabastro de santa Catarina; e o Museo Provincial de Pontevedra, un relevo en alabastro da Trindade⁷¹. Por outra parte, unha lenda conta que unha imaxe da Virxe do Rosario foi arrebolada ao Támesis para que non fose destruída e que dende alí chegou flotando a Galicia milagrosamente e foi venerada na igrexa conventual de San Domingos, en Viveiro, que era tamén porto de acollida de peregrinos chegados a Galicia polo mar Cantábrico.

Aínda que non embarca na ida en portos ingleses, tamén é de interese para nós a viaxe realizada polo daquela príncipe herdeiro da Toscana Cosme III de Médicis (1670-1723) por terras europeas como parte da súa formación para desempeñar as tarefas que lle ían corresponder e recollida nas *relazioni* do periplo de Magalotti, Corsini e Gornia, ilus-

69. Tomado e traducido de PLÓTZ, R.: “Alemania...”, *op. cit.*, p. 83.

70. Véxase FRANCO MATA, A.: “A recepción de obra de arte estranxeira na Galicia do século XV”, en SINGUL, F. (dir.): *Os Capítulos...*, *op. cit.*, p. 218-220.

71. Para una información máis completa sobre o tema poden verse, entre outros, os traballos de FRANCO MATA, A.: “A recepción...”, *op. cit.*, p. 214-231; FRANCO MATA, A.: “Escultura gótica inglesa en Galicia”, en SINGUL, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confin...*, *op. cit.*, p. 163-173; e LENCE-SANTAR GUITIÁN, E.: *Nuestra Señora la Grande o la Inglesa en la catedral de Mondoñedo*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, 18, Santiago de Compostela, 1951, p. 65-82.

tradas polas espléndidas láminas de Baldi⁷². O dezaioito de setembro de 1668, a expedición do príncipe toscano leva áncoras no porto de Livorno e, despois de visitar varias cidades da costa mediterránea, chega o día de san Miguel a Barcelona. Dende a capital catalá, polo Camiño do Ebro, vai a Zaragoza, onde abandona a ruta xacobeá e se dirixe por Aragón, Castela a Mancha, Madrid, Andalucía e Estremadura á vella Lusitania. Alí retoma a ruta xacobeá polo Camiño Portugués e chega a Santiago de Compostela o tres de marzo de 1669⁷³. O seis de marzo, o futuro Cosme III (1670-1723) e o seu séquito comezan a percorrer o Camiño Inglés, ben que en dirección inversa, e nunha xornada xa estaban na Coruña, e o día da festa de san Xosé emprenden, dende “o porto da Coruña [...], con próspero vento, a travesía marítima cara a Inglaterra”⁷⁴.

No relato de 1672 sobre a viaxe que fixo por España e Portugal, Jouvin considera o da Coruña un dos poucos bos portos que ten a Península Ibérica⁷⁵; fala tamén da peregrinación que realizou a Santiago de Compostela, dende onde partiu con intención de chegar ao porto da Coruña, do cal saen barcos con soldados do rei Filipe IV (1621-1665) para protexer as súas prazas fortes nos Países Baixos; fixo Jouvin o percorrido de volta polo Camiño Inglés e pasou por Sigüeiro, Poulo e Betanzos, onde cambiou de rumbo por mor dun contratempo e marchou a Ribadeo⁷⁶.

Nas *Memorias da Corte de España* redactadas por Madame D’Aulnoy en 1681, tamén se recollen noticias de soldados españois mandados dende o porto da Coruña por don Xoán de Austria aos Países Baixos para defender os territorios que o seu pai Filipe IV (1621-1665) lle dera en 1643 para que os gobernase⁷⁷.

Outra peregrina ilustre foi Mariana de Neoburgo (1689-1700), que partiu de Holanda nun barco inglés para se converter en raíña de España. Esta viaxe foi recollida en moitas relacións, hoxe conservadas en diferentes bibliotecas de Madrid, Lisboa, Barcelona e Santiago de Compostela. Despois do pasamento en febreiro da raíña dona María Luísa de Orleáns (1679-1689), o rei Carlos II (1665-1700) decidiu buscar esposa e nai dun herdeiro entre as princesas casadeiras europeas e escolleu a dona Mariana, a filla do elector

72. Cfr. CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.): *El viaje del príncipe Cosimo dei Medici por España y Portugal*, Santiago de Compostela, 2004.

73. Véxase o periplo do príncipe toscano e o seu séquito polo Camiño Portugués en FONTE SARDIÑA, J. M.: “La literatura...”, *op. cit.*, p. 145-190, especialmente entre a 166 e 172.

74. Tomado e traducido do italiano de CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.): *El viaje...*, *op. cit.*, p. 324. Tamén é moi interesante, verbo da viaxe do príncipe herdeiro da Toscana, o catálogo da exposición realizada co gallo do Ano Santo de 2004, NEIRA CRUZ, X. A. e GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis*, Santiago de Compostela, 2004.

75. Cfr. GARCÍA MERCADAL, J. (trad.): *Viajes...*, *op. cit.*, t. III, p. 580.

76. *Idem*, t. III, p. 614-618.

77. *Idem*, t. IV, p. 181 e 182.

do palatinado Filipe Guillerme de Baviera e Neoburgo (1685-1690). O día vinte e oito de marzo de 1689 celebrouse o matrimonio por poderes en Alemaña. A nova raíña de España marchou dende Baviera a Düsseldorf; alí emprendeu unha travesía polo Rin que a levou a Holanda, onde un barco inglés, o *The Duke*, a recolleu e a trasladou a Inglaterra, ao porto de Portsmouth. Despois dunha chea de atrancos e dificultades, partiron de Portsmouth con rumbo a Galicia e chegaron á Coruña o vinte e seis de marzo de 1690, pero unha forte tormenta obrigou a variar o percorrido previsto e a fondear o barco na ría de Ferrol. A raíña desembarcou o seis de abril en Mugardos, polo que o rei Carlos II (1665-1700) lles concedeu aos seus habitantes o privilexio da exención do servizo militar e á vila, o título de Real. Dende Mugardos foron a Pontedeume, onde dona Mariana pasou a noite nunha mansión do conde de Lemos, señor da vila, probablemente no chamado pazo dos Andrade. En Pontedeume non se preparara un recibimento soado para a raíña e as celebracións quedarán nun “confuso ruido de las Gaytas, Sonajas y Cantares”, consonte recolle a relación publicada o vinte e cinco de abril de 1690, conservada na Biblioteca da Ajuda de Lisboa e na Biblioteca do Palacio Real de Madrid⁷⁸. De Pontedeume foi a Betanzos e logo á cidade da Coruña, dende a que se dirixiu en peregrinación a Santiago de Compostela. O dezaseis de abril entrou na catedral de Santiago baixo palio e visitou a tumba do Apóstolo. Segundo conta Sánchez Rivera, baixo o pseudónimo de Diego de Muros, “no momento no que a Raíña admiraba o Botafumeiro, este soltouse e foi caer aos seus pés, sen lle causar mal a ninguén”⁷⁹. O vinte e tres de abril partiu de Galicia dende O Cebreiro e foi recibida o catro de maio polo rei en Valladolid; o vinte e dous de maio fixeron os dous a súa real entrada en Madrid⁸⁰.

O mestre Díaz y Díaz reconece que, “malia que sempre está aberto, hai unha notable decadencia do Camiño entre os séculos XVI e XIX. Conserva a súa vella denominación, pero curiosamente nalgúns puntos pasa a ser chamado «camiño real», cando se converte en lugar de tránsito máis de comerciantes e negociantes que de peregrinos, é dicir, cando o *homo viator* pasa a ser substituído polo *homo faber* ou o *homo mercator*, que se asenta en Europa dende o Renacemento”⁸¹. Así e todo, un relato anónimo de 1765, conservado na Biblioteca de Mazarino, fala de que dende Inglaterra e outras nacións do norte había un importante intercambio comercial a través do porto da Coruña⁸²; por outra banda, o maior W. Dalrymple peregrina a Compostela en decembro de 1774 dende A Coruña polo

78. *Relacion de lo mas esencial, y cierto, que en esta católica corte se ha sabido del viage de nvestra avgvsta Reyna, y señora Doña Maria-Ana Palatina del Rhin, Baviera, y Nevbvg, desde las solemnes entregas de su Magestad hasta su llegada a la Coruña...*, 6 p.

79. Tomado e traducido de MUROS, D. DE: “La Reina doña Mariana de Newburg visitó al Apóstol hace 250 años”, en *El Correo Gallego*, de vinte e seis de abril de 1940, p. 3.

80. Cfr. CASAS FERREÑO, M. B.: *A viaxe da raíña Mariana de Neoburgo (1689-1690). Festas e relacións de sucesos*, “Cátedra”, 9, Pontedeume, 2001, p. 305-336.

81. DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *De Santiago...*, op. cit., p. 265.

82. Cfr. GARCÍA MERCADAL, J. (trad.): *Viajes...*, op. cit., t. V, p. 80.

Camiño Inglés e pasa por Carral e Sigüeiro, consonte recolle no relato que realiza en primeira persoa⁸³.

Porén, como o propio profesor Díaz y Díaz indica, “hoxe, de novo, este home activo, negociante, agoniado, vese cada vez máis capacitado para comprender e intentar experimentar a andaina, interior e exterior, que marca ao peregrino: quizais estamos diante dunha nova necesidade humana”⁸⁴.

Así pois, logo de varios séculos de escasa actividade, a peregrinación a Santiago de Compostela rexurdiu recentemente en toda Europa, e tamén, xa que logo, en Inglaterra. Moitos chegan por motivos relixiosos, pero tamén son numerosos os que o fan por experimentar a sensación de pisar sendeiros marcados polo peso da historia e transitados dende hai máis de mil anos, por admirar a riqueza do patrimonio artístico e natural que rodea estes vellos Camiños, ou simplemente porque desexan gozar dunha rica experiencia interior, sentir a solidariedade dos compañeiros de viaxe e das xentes que poboan estas rutas ou convivir con persoas que falan outras linguas e teñen distintas culturas que alimentan o europeísmo e mesmo a universalidade que caracterizou esta experiencia. Así e todo, moitas veces, a forza espiritual que sen dúbida ten o Camiño Xacobeo fai que o que comezou a súa andaina como simple viaxeiro remate esta aventura como un auténtico peregrino, consonte avalan os datos que cada ano proporciona a Oficina do Peregrino, dependente da Igrexa compostelá, pero tamén acreditan outros informes procedentes de organismos aconfesionais.

A PEREGRINACIÓN POR VÍA TERRESTRE A TRAVÉS DO CAMIÑO INGLÉS

Os dous portos principais de Galicia nos que desembarcaban os viaxeiros procedentes de Inglaterra –polo que a ruta se denominou Camiño Inglés– para realizar a pé, dacabalo ou máis tarde tamén en bicicleta o Camiño de Santiago foron Ferrol e A Coruña e son, así mesmo, hoxe os puntos de partida desta vía de peregrinación por terra ao sepulcro apostólico. Ademais, tamén se lles unían aos peregrinos que partían dende Ferrol os que viñan de Ortigueira, Cedeira, As Pontes, As Somozas, Mugarbos e, mesmo, de Viveiro, quer porque vivían preto destas vilas, quer porque chegaban en barco aos portos veciños, para iniciar ou continuar a súa viaxe.

Os peregrinos do Medievo utilizaban como vías principais as que unían as capitais dos antigos conventos xurídicos romanos e tamén as novas vías secundarias que se foron


83. *Idem*, t. V, p. 209.

84. DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *De Santiago...*, *op. cit.*, p. 265.

construíndo para comunicar os pequenos núcleos de poboación. Así e todo, os camiños medievais unen un pobo con outro, unha igrexa ou mosteiro co máis próximo, pero non teñen a amplitude de miras romana. Non existe, xa que logo, unha ruta principal, senón moitas secundarias que serán utilizadas en varios dos seus tramos polos peregrinos a Santiago de Compostela. Unha das catro principais vías romanas do chamado *Itinerario Antonino* é a XX, coñecida como *Per loca maritima*, que partía de *Aquis Celenis* (Caldas de Reis) e chegaba até *Lucus Augusti* (Lugo); as súas mansións intermedias eran *Vicus Caporum* (preto de Santiago de Compostela), *Ad Duos Pontes* (Entrepontes, no Val do Dubra), *Grandimirum* (preto de Carballo), *Trigundo* (entre Bruma e Mesón do Vento), *Brigantium* (probablemente sería A Coruña, pero hai quen pensa tamén en Ciadella –no actual concello de Sobrado– ou mesmo en Betanzos) e *Caronico* (entre Parga e Friol). Dende os portos coruñeses de Santa Marta de Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Mugardos, Pontedeume, Sada ou mesmo o da Coruña, aceptemos ou non que se corresponda coa *Brigantium* do *Itinerario Antonino*, os peregrinos chegarían á vella mansión romana de *Trigundo* e logo irían ata a tumba apostólica por vías secundarias.

Dende a cidade da Coruña, a actual ruta xacobeá sae da igrexa de Santiago e pasa pola Porta Real, a avenida da Mariña, Catro Camiños e outras rúas até que chega á parro-

Portos da Coruña e Ferrol consonte os debuxos de Pedro Texeira de 1634



quia de San Vicenzo de Elviña. Dende A Coruña percorre os concellos de Culleredo –parroquias de Santa María de Rutis, Santiago do Burgo e San Xián de Almeiras–, Cambre –parroquias de Santiago de Sigrás e San Xoán de Anceis–, Carral –parroquias de San Martiño de Tabeaio, San Xián de Sergude, Santa Baia de Cañas e Santa Mariña de Beira–, Mesía –parroquia de San Lourenzo de Bruma–, Ordes –parroquias de San Pedro de Ardemil, San Paio de Buscás, San Xulián de Poulou, Santaia de Pereira e Santa Cruz de Montaos– e Oroso –parroquias de Santa María de Deixebre e San Martiño de Oroso– até entrar en Santiago de Compostela pola ponte de Sigüeiro, mandada construír por Fernán Pérez de Andrade o Bo. Xa no concello compostelán, antes de entrar no núcleo urbano, cómpre atravesar as parroquias de Santo André da Barciela, San Vicente de Marantes, San Cristovo da Enfesta e San Caetano; pasado o monumento ao peregrino, percorre as rúas da Pastoriza, Basquiños e San Roque até os conventos de Santa Clara e do Carme, e continúa por Loureiros, Porta da Pena, praza de San Martiño, rúa da Troia, rúa da Acibechería e praza da Inmaculada, onde, á dereita se atopa o mosteiro de San Martiño Pinario e, á esquerda, a Porta do Paraíso e a fachada da Acibechería da catedral compostelá, onde o peregrino alcanzará a meta do seu Camiño, o sepulcro do apóstolo Santiago.



O tramo do Camiño Inglés que comeza en Ferrol parte do peirao de Curuxeiras e vai á igrexa conventual de San Francisco, fundada por Fernán Pérez de Andrade, dende onde continúa pola rúa Real, as prazas do Marqués de Amboage e de Armas, Cantóns de Molíns, Recemil, Caranza e o polígono industrial da Gándara, por onde abandona o concello ferrolán. Dende aquí atravesa os concellos de Narón –parroquia de San Salvador de Pedroso, onde se atopa o mosteiro de San Martiño de Xuvia–, Neda –parroquias de Santa María de Neda e San Nicolás de Neda–, Fene –parroquias de San Salvador de Fene, Santo Estevo de Perlío e Santiago de Barallobre– e Cabanas –parroquias de San Martiño de Porto e Santo André de Cabanas– até Pontedeume –parroquias de Santiago de Pontedeume, San Pedro de Vilar e San Miguel de Breamo–, e dende alí continúa a ruta por Miño –parroquias de San Xoán de Vilanova, Santa María de Castro e Santa María de Miño–, Paderne –parroquias de San Pantaleón das Viñas e Santa María de Souto–, Betanzos⁸⁵ –parroquias de San Martiño de Tiobre, Santiago de Betanzos, Santa María de Betanzos, Santiago de Requián e Santo Estevo de Piadela– e Abegondo –parroquias de San Salvador de Limiñón, Santo Estevo de Clos, Santiago de Meangos, Santa María de Presedo, Santaia de Leiro, San Tomé de Vilacova e San Pedro de Vizoño–. Na parroquia de San Lourenzo de Bruma, pertencente ao concello de Mesía, é onde se une ao Camiño procedente da Coruña e segue a súa mesma ruta até a tumba do Apóstolo en Santiago de Compostela.

PONTEDEUME E O APÓSTOLO SANTIAGO

Afirma o *Códice Calixtino* que, despois da predicación de Santiago no *finis terrae* galego, “instruídos os pobos no coñecemento da fe polos discípulos do mesmo Apóstolo, en pouco tempo medrou unha fecunda colleita multiplicada por Deus”⁸⁶. Así e todo, aínda que é indubidable que houbo na nosa terra discípulos e seguidores de Santiago e, xa que logo, de Xesús Cristo dende mediados da primeira centuria, como di Vicente Risco, “os primeiros anos do cristianismo en Galicia aparecen envoltos na maior escuridade. O feito de que, de socato, no século IV a cristiandade galega apareza tan forte e organizada non se explica sen unha longa e profunda penetración do Evanxeo. Pero non sabemos como se fixo [...]. Non hai noticia certa das dioceses galegas até o século IV”⁸⁷. Logo, na sexta centuria, san Martiño Dumiense (561-580), coa axuda dos reis suevos da Gallaecia, Teodomiro (559-570) e Miro (570-583), organiza a Igrexa galega dende a sé metropolitana de Braga co I e II Concilios Bracarense celebrados, respectivamente, nos anos 561 e

85. A cidade de Betanzos chegou a ser unha das sete capitais de provincia de Galicia entre fins do século XV –en tempos dos Reis Católicos, Sabela I de Castela (1474-1504) e Fernando II de Aragón (1479-1516)– e o ano 1833, cando se integrou na provincia da Coruña. Á provincia de Betanzos pertencían concellos tan importantes como Ferrol ou Pontedeume.

86. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit.*, Libro III, capítulo II, p. 385.

87. Tomado e traducido de RISCO, V.: *Historia de Galicia*, Vigo, 1976, p. 53 e 54.

572, nos que aparece por primeira vez un documento asinado por un bispo da diocese de Iria, Andreas (561-572).

Pola súa banda, Couceiro Freijomil asegura que o apóstolo Santiago chegou a Galicia e cre que “a predicación do cristianismo en terra eumesa quizais se remonte ós tempos apostólicos”⁸⁸; así e todo, di que “a primeira noticia que atopamos da terra eumesa como agregada á diocese iriense se remonta ó ano 569, época na que o rei Teodomiro [...] demarca, nun concilio celebrado ese ano en Lugo, os termos do territorio de cada diocese, sinalando á de Iria, entre outros que se consignan no *Cronicón Iriense*, os de *Prutius* e *Bisancos*, cos que, na súa meirande parte, está formado o partido de Pontedeume e que, aínda hoxe, constitúen os arceprestados de Pruzos e Bezoucos”⁸⁹.

Xa desde a *inventio* ou descubrimento no primeiro cuarto do século IX dos sagrados restos de Santiago, os prelados desta diocese titulábanse bispos de Iria e da Sé Apostólica e moitos trasladaron a súa residencia ao *Locus Sancti Iacobi* na cidade de Santiago de Compostela, quer por razóns de seguridade por mor dos ataques normandos ou viquingos, quer por estar máis preto dos restos que debían custodiar e que xa recibían a visita de moitos peregrinos. Así e todo, este traslado de feito da sé dende Iria a Compostela non tivo confirmación oficial até o cinco de decembro de 1095, mediante a *Bula Veterum Sinodalia*, promulgada polo papa Urbano II (1088-1099), sendo bispo de Iria Dalmacio (1094-1096), pola que se declaraba a nova diocese de Santiago como sucesora directa da de Iria e se establecía que deixaba de ser sufragánea da de Braga e pasaba a depender unicamente da Santa Sé Romana. Despois de catro anos como administrador da nova diocese de Santiago de Compostela (1096-1100), Diego Xelmírez (1101-1120) é nomeado bispo no ano 1100, malia que non foi consagrado como tal até o vinte e un de abril de 1101. O papa Calisto II (1119-1124), por mor da *Bula Omnipotentis Dispositione*, promulgada o vinte e sete de febreiro de 1120, crea a nova arquidiocese metropolitana de Santiago de Compostela, da que Diego Xelmírez (1120-1140) sería o seu primeiro arcebispo.

A *inventio* propiciou tamén que no século IX moitas parroquias da antiga diocese iriense nomearan ao apóstolo Santiago como patrón, cousa que tamén fixeron bastantes freguesías das restantes dioceses de Galicia e de toda a Península Ibérica; ademais, coa auxe das peregrinacións que viñan de Europa para o venerar no seu sepulcro, o seu padroado tamén se espallou por moitas parroquias do vello continente.

As Terras do Eume, comprendidas nos territorios de Pruzos e Bezoucos –que o río separaba pero a ponte, construída cando menos dende os tempos dos romanos, unía na desembocadura–, que pertencían á diocese de Iria, logo de Santiago de Compostela, non

88. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, cuarta edición, Pontedeume, 1995, p. 22.

89. *Idem*, p. 24.

foron unha excepción. En 1270, ano da fundación da vila e alfoz de Pontedeume, por privilexio do rei Afonso X o Sabio (1252-1284), entre as preto de trinta freguesías habitadas polos “omes de la tierra de Pruços e de Bisoucos”⁹⁰ que aparecen citadas no documento, cinco teñen como patrón parroquial a Santiago o Maior⁹¹.

Entre estas freguesías ás que o rei lles outorgou “el fuero de Benavente porque se iudguen”⁹² e os dereitos e reguengos “libres e quitos para siempre jamays, saluo ende el padronadgo de las nuestras egleſias que retenemos para nos”⁹³, dúas pertencen hoxe ao actual concello de Pontedeume, as de Santa María de Centroña e Santiago de Boebre.

A de Santa María de Centroña, como mostra da súa devoción ao apóstolo Santiago, chantou no seu adro parroquial e no parque do Muíño dous cruceiros que acollen no seu varal a imaxe de Santiago; no primeiro aparece representado sedente e en maxestade, co bastón en forma de tau na man esquerda e o filacterio na dereita, e no segundo, como peregrino, de pé, con túnica pero sen sombreiro, co bordón e a cabaza na man dereita e o Libro dos Apóstolos na esquerda⁹⁴.

Pola súa banda, a freguesía de Santiago de Boebre ergueu tamén no seu adro parroquial un cruceiro coa imaxe de Santiago, sedente e en maxestade, co bastón en forma de tau na man esquerda e o filacterio na dereita⁹⁵. Ademais, no templo parroquial preside o seu retablo maior unha valiosa talla de Santiago Peregrino, con túnica e esclavina, tocado cun sombreiro adornado cunha cuncha de vieira, que sostén o bordón coa cabaza na man dereita e o Libro dos Apóstolos na esquerda; no lado da Epístola aparece, exenta, a imaxe procesional de Santiago Matamouros, moito menos prezada dende o punto de vista artístico que a anterior, dacabalo, que brande na man dereita a espada e, na esquerda, o lábaro do exército cristián que comandara o rei Ramiro I (842-850) na mítica batalla de Clavijo, onde conseguiron a vitoria sobre os sarracenos coa axuda e intervención do apóstolo Santiago, que participou no lendario combate montado nun cabalo branco.

90. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, A Coruña, 1997, p. 190.

91. “Santiago de Boeure”, actual parroquia de Santiago de Boebre, pertencente ao concello de Pontedeume; “Santiago de Villa Matheu”, hoxe parroquia de Santiago de Vilamateo, no municipio de Vilarmarior; e “Santiago de Dragonte e Paderne”, denominada na actualidade Santiago de Adragonte, no concello de Paderne, as tres encadradas no arceprestadado de Pruzos; e “Santiago de França”, hoxe chamada de Santiago de Franza e pertencente ao municipio de Mugaridos; e “Santiago de Perlio”, actual parroquia de Santo Estevo de Perlio, no concello de Fene, ambas as dúas pertencentes ao arceprestadado de Bezoucos; cfr. *idem*, p. 190 e 191.

92. *Idem*, p. 191.

93. *Ibidem*.

94. Un estudo máis polo miúdo destes dous cruceiros pode verse en FONTE SARDIÑA, J. M.: *Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume*, “Cátedra”, 18, Pontedeume, 2011, p. 34-40.

95. Véxase *idem*, p. 40-42.



Templo parroquial de Santiago de Boebre e imaxe procesional do Matamouros

O padroado do apóstolo Santiago na parroquia de Boebre aparece recollido xa nun documento de once de setembro de 1064 do *Tombo de Lourenzá* que refire o preito por unha herdanza entre o bispo Suero de Mondoñedo ((1058-1070) e o infante e futuro rei de Galicia García I (1065-1072) e fala “in terra de Prucios, [do] monasterio sancti Iacobi Bulebre”⁹⁶; o documento 193 do *Tombo de Caaveiro* cita tamén anos máis tarde, en 1103, a “ecclesiam Sancti Iacobi de Boevre”⁹⁷. Así e todo, con total seguridade, a adxudicación da advocación da parroquia de Boebre ao apóstolo Santiago era moi anterior, probablemente dos tempos da *inventio* ou descubrimento dos seus restos no primeiro cuarto do século IX.

Na actualidade, a parroquia de Santiago de Boebre celebra o vinte e cinco de xullo cunha misa solemne o día do seu patrón, cuxa imaxe do Matamouros saca en procesión. As festas na honra de Santiago complétanse con outras actividades lúdicas profanas.

A vila de Pontedeume tamén se puxo baixo o padroado de Santiago. Malia que o primeiro testemuño documental no que se fai referencia á freguesía de Santiago de

96. Pode verse en RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. e REY CAÍNA, J. A.: *El Tombo del Monasterio de Villanueva de Lorenzana*, “Estudios Mindonienses”, 8, Ferrol, 1992, p. 40.

97. Pode verse en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I. e GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, 1999, p. 266.

Pontedeume ten data de doce de xullo de 1363 e fala dunha casa que se atopa na “villa de Ponte deume, feligresía de santiago da dita villa”⁹⁸, é indiscutible que moito antes desa data xa existía unha igrexa posta baixo a advocación de Santiago, probablemente pouco despois da fundación da vila eumesa, polo privilexio outorgado por Afonso X o Sabio (1252-1284) en 1270, por mor do que esta se crea *ex novo*. O territorio que decontado se convertería na nova vila de Pontedeume estaba integrado en 1270 na freguesía de San Miguel de Breamo, que daquela dependía dos cóengos regulares do mosteiro erguido no cume do monte, que pertencían á Orde de Santo Agostiño. Así e todo, a freguesía de Santiago de Pontedeume, que formaba unha media lúa en torno á ponte, fora subtraída da de San Miguel de Breamo pouco despois da fundación da vila⁹⁹.

Con total certeza, os moradores da freguesía da vila fundada *ex novo* en Pontedeume tiveron que construír un templo no que celebrar o culto, como acontecía en todas as vilas mandadas poboar no Medievo; De Castro Álvarez cre que “debeu de existir desde os comezos unha igrexa. Pero non parece, se advertimos que nesta parte se rompe o sistema da cuadrícula, que estivese situada onde está hoxe a actual”¹⁰⁰; non é daquela desatinado pensar, consideran o propio De Castro Álvarez e Vázquez Arias, que Pontedeume realizase “unha primeira construción de urxencia [con Santiago como patrón], dun tamaño máis reducido e máis acorde cunha fundación de futuro incerto”¹⁰¹.

Malia as lagoas documentais, é difícil de crer que o Bo –ao que a lenda lle atribúe a construción de sete igrexas e que mandou facer unha das pontes máis sobranceiras da Península Ibérica naqueles tempos na vila da que foi o seu primeiro señor polo privilexio outorgado en Burgos polo rei Henrique II (1369-1379) o dezanove de decembro de 1371¹⁰²– deixase a Pontedeume sen un digno lugar onde os fregueses puidesen celebrar o culto, se non existise un templo parroquial en Pontedeume, con seguridade dedicado a Santiago, moi anterior ao privilexio asinado o primeiro de maio de 1362 ou 1364 polo rei Pedro I o Cruel (1350-1369) polo que lle concede ao seu vasalo Fernán Pérez de Andrade as freguesías de Vilalba, Pontedeume e Naraío “por muchos, buenos e leales seruiçios que me auedes fecho e façedes de cada dia [...] con todos sus terminos et vasallos et montes, et pastos, et prados, et justiçias, et señorío, et pechos, e fueros, e derechos foreros de la

98. O documento atópase no Archivo Histórico Nacional, Sección Clero, carpeta 490, doc. 2; pero tamén pode verse en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003, p. 131.

99. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Igrexas Románicas da Comarca do Eume*, Pontedeume, 1997, p. 178.

100. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *A póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica*, “Cátedra”, 4, Pontedeume, 1997, p. 17.

101. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, *op. cit.*, p. 37.

102. Cfr. CORREA ARIAS, J. F.: *Fernán Pérez de Andrade o Bóo*, A Coruña, 2004, p. 241-243; ou COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 118.

dicha feligresías et de sus terminos, segunt la pertenescen, que lo auedes por mayoradgo con estas condiciónes que se siguen”¹⁰³.

Porén, os documentos si demostran que xa a mediados do século XIV había en Pontedeume un templo parroquial posto baixo a advocación do apóstolo Santiago e que nos últimos anos da devandita centuria –un testamento de María Pérez, de 1396, déixalle para estas obras e outras da ponte oitenta soldos ao reitor da igrexa¹⁰⁴– e primeiros da seguinte –o veciño de Mugaros, Lorenzo Ligonde, lega en 1406 para as obras do templo parroquial de “santiago de Pontedeume des moravedis”¹⁰⁵– se estaba reformando ou reedificando¹⁰⁶.

Na segunda década do século XVI pensan De Castro Álvarez e Vázquez Arias que reedificou o conde Fernando de Andrade a capela maior da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume¹⁰⁷. Consonte o seu testamento, dado o trinta de agosto de 1540, manda, “quando Dios Nuestro Señor fuere servido de me llevar desta presente vida, que mi cuerpo sea sepultado en la Yglesia de Santiago de la mi villa de la Puente deume, en la mi Capilla Mayor de la dicha Yglesia”¹⁰⁸. Por esas datas debeu mandar facer tamén Alonso de Nogueirido, veciño e rexedor da vila, a capela de San Xoán Bautista na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume, segundo se desprende do seu testamento de vinte e nove de xuño de 1530¹⁰⁹.

A capela da Vera Cruz, consonte afirma o informe de once de xuño de 1611 do visítador Jerónimo del Hoyo, “esta fuera de la dicha iglesia, a la entrada de la puerta principal. La cual dizen que fue en tiempos Antiguos la iglesia parroquial y despues que se hizo la iglesia parroquial se fundo en esta capilla la cofradía de la vera cruz”¹¹⁰. Así pois, esta capela tivo que ser utilizada como igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume bastante antes de 1396, porque a documentación demostra, como xa vimos, que nesas datas se estaba reformando ou reedificando.

103. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, más conocido como “O Bo”, “Cátedra”*, 12, Pontedeume, 2005, p. 272. García Oro e Portela Silva datan este documento o un de maio de 1362; cfr. GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M. J.: *Pontedeume y sus señores en el Renacimiento*, A Coruña, 2003, p. 16.

104. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, *op. cit.*, p. 38.

105. *Idem*, p. 131.

106. *Idem*, p. 38.

107. *Idem*, p. 44.

108. *Idem*, p. 137 e 138.

109. Manda Alonso de Nogueirido “que mi cuerpo y carnes pecadoras sean sepultadas dentro de la Yglesia de Santiago de esta dicha villa de la Puente deume en la Capilla de Sant Juan Bautista que yo é María Rodriguez mi mujer hicimos y edificamos en la dicha Yglesia”; cfr. *idem*, p. 133.

110. Cfr. *idem*, p. 37.

En 1756, baixo o pontificado do arcebispo da arquidiocese de Santiago de Compostela, Bartolomé Rajoy y Losada (1751-1772), comeza unha nova e necesaria reedificación do templo parroquial, que é consagrado polo devandito prelado eumés o sete de setembro de 1761, malia que as obras remataron dous anos máis tarde.

Así pois, había e hai no actual concello eumés dúas freguesías –Boebre e Pontedeume– cos seus correspondentes templos parroquiais postas baixo a advocación de Santiago, pero a figura do Apóstolo tamén está presente na súa toponimia menor. Unha das cinco rúas, paralelas de norte a sur, que constituíron a cuadrícula sobre a que se artellou a vila formada *ex novo* por mor do devandito privilexio de 1270, outorgado por Afonso X o Sabio (1252-1284) para que fose poboada, foi chamada de Santiago. Malia que reconece que a documentación verbo dos primitivos nomes destas cinco rúas é escasa, De Castro Álvarez pensa que os da Pescadería, Santiago, Maior ou Real, Ferreiros e Azogue ou da Carnicería –denominada de San Agustín logo da fundación do convento polo conde Fernando de Andrade en 1538– deberon de fixarse en época temperá, consonante se fixo tamén noutras vilas medievais galegas entre os séculos XIII e XV¹¹¹. Como reconece De Castro Álvarez, tendo a vila por padroeiro a Santiago, “non podía faltar en Pontedeume unha rúa co nome do santo titular da igrexa parroquial, rúa lonxitudinal do núcleo antigo que, paralela á Real e á da Pescadería, desemboca, a metade de camiño, na praza Real. No seu extremo sur, nunha calella logo desaparecida, tamén se instalou [contra 1749] a fonte co seu nome. Dificil resultaba que ninguén lle disputase ao santo a titularidade da rúa, por iso [...] mantivo o nome sen mudanza ningunha”¹¹².

Na súa parte máis elevada, a que está preto da igrexa parroquial homónima, crúzase coa rúa Mancebo e alí acolle a súa fonte, da que Ramiro Fonte di que é “misteriosa e lóbrega no canellón, que crea ecos de furna mariña”¹¹³. Malia non ser este cruce entre rúas demasiado transitado acotío, un día no ano, no albor do Venres Santo, a procesión do Encontro regresa por alí cara ao templo parroquial co magnífico paso do Nazareno coa cruz ás costas, realizado polo mestre Gambino, e as imaxes da Madre Dolorosa, san Xoán e a Verónica, despois da representación dese momento da Paixón de Xesús Cristo na praza Real e da empinada subida pola rúa Real. O son dos violíns, as guitarras, as trompetas, as frautas, o tambor e demais instrumentos que interpretan a melodía do Paso que acompaña o silencio da procesión mestúrase harmonicamente co da auga da fonte que bate na pedra sen que se perciba entre eles rivalidade ningunha. Como di Ramiro Fonte, “as fontes crean a elemental melodía das prazas, das rúas, dos canellóns de Pontedeume. Nin as

111. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Pontedeume, 2007, p. 11.

112. Tomado e traducido de *idem*, p. 221.

113. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Xerais, Vigo, 2003, p. 66.

delicadas notas do violín nin moito menos as inseguras notas da trompeta poden competir coa súa música transparente, lixeira, duradoira”¹¹⁴.

Un pouco máis abaixo, no cruce coa rúa do Cantón, empeza o segundo tramo da de Santiago, que desemboca na praza Real, á altura da antiga rúa da Catedral, chamada hoxe de Couceiro Freijomil. Dende aquí baixa tamén no albor do Venres Santo a imaxe da Verónica, que acode co seu pano branco nas mans á praza Real para limparlle o rostro a Xesús, que cae diante dos eumeses vencido polo peso da cruz e que lle deixa como premio á Verónica o seu rostro gravado no impoluto lenzo.

A rúa de Santiago, despois de cruzarse coa praza Real, continúa até a rúa da Inmaculada, que ten intercaladas nas súas lousas as figuras alternas do oso e mais do xabariño, alusivas á Casa dos Andrade e que acolleu así mesmo o Concello de Pontedeume no seu escudo. Na representación do Santo Encontro, a imaxe de san Xoán asoma por este tramo da rúa de Santiago na procura da Virxe das Dores que sobe dende alí cara á praza Real para se atopar co seu Fillo, seguindo a dirección do dedo índice da destra do irmán menor de Santiago, que lle mostra o camiño.

Como todas as rúas da antiga cuadrícula medieval, a de Santiago atópase hoxe empedrada, pero xa o estaban, segundo asegura De Castro Álvarez, “antes do incendio xeral de 1607 [...]; non así as rúas que a delimitaban”¹¹⁵, xa que o asentamento das primeiras nas abas do Breame “obrigou ao empedrado temperán dunhas rúas intransitables doutro xeito no inverno, nas que se formaban grandes fochancas polos violentos torrentes de auga”¹¹⁶.

Esta rúa lonxitudinal dedicada ao Apóstolo, que é tamén patrón da vila e de España, e avogado dos pobos de Galicia, alberga nos seus baixos pequenos comercios e algúns bares. As casas están ben conservadas e moitas delas presentan fermosas galerías. Unha das vivendas acolle o escudo pétreo dun cabaleiro e enfronte dela está a casa natal de frei Gumersindo Placer, cunha placa que así o testemuña; este ilustre morador da rúa de Santiago nos seus anos nenos e fillo predilecto da vila evócaa con tenrura nas *Crónicas de mi rincón natal*: “Gusto de volver aos meus lares, á miña vella vila, á nobre rúa onde nacín, á rúa de Santiago, presidida pola fonte, acollida á protección da fermosa igrexa parroquial e á sombra do Breame [...]. A miña rúa é o que ten que ser, por iso agroma a paz no meu corazón cada vez que penso nela [...]. Quéroa porque, malia a súa renovación, segue a cheirar a fraga e a mar [...]. Ao regresar no tempo [...], evoco a miña nenez,

114. *Idem*, p. 67 e 68.

115. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, *op. cit.*, p. 86.

116. *Idem*, p. 85 e 86.

cando ben cedo adoitaba asomarme á ventá, coa cunca de leite na man e, no leite, azucre moreno e pan de maízo [...]. É o mal común da ausencia”¹¹⁷.

A festa do día de Santiago en Pontedeume non ten a importancia das de setembro, chamadas Festas das Peras, nas que o pobo honra a súa patroa, a Virxe das Virtudes, e o seu copadroeiro, san Nicolás de Tolentino. Cando menos dende o século XVI, a Virxe das Virtudes, tamén chamada Nosa Señora do Souto ou das Peras, tiña xa fama de milagreira e o seu santuario era visitado por numerosos romeiros, que mesmo chegaron a pasar a noite na capela, coa autorización dos frades agostiños a cuxo cargo estaba. Así e todo, o xuíz eclesiástico mandou impedir esta práctica en 1585, para evitar a tentación pecaminosa que podía supoñer o feito de que homes e mulleres durmisen xuntos no templo, e ademais, consonte as directrices marcadas polo Concilio de Trento, prohibiu que se divulgasen os milagres obrados pola Virxe¹¹⁸. Pola súa parte, despois de que os frades agostiños arrebolasen unha reliquia de san Nicolás de Tolentino para sufocar o lendario incendio da vila en 1607, a devoción polo santo agromou con forza no pobo eumés e mesmo a corporación, en sesión de dezanove de xuño de 1621, decidiu que “desde o presente día en diante, para todo tempo de endexamais, haberemos e teremos, e esta vila haberá e terá por protector e avogado seu ó glorioso San Nicolás de Tolentino, co Santo Apóstolo Señor Santiago, padroeiro principal dela e de toda España”¹¹⁹.

É probable que a devoción á Virxe das Virtudes e san Nicolás de Tolentino fose en detrimento do amor a Santiago, xa que a corporación municipal, preocupada pola pouca solemnidade con que se viña celebrando a festividade do seu santo patrón, na mesma sesión de 1621 na que aprobou o voto de san Nicolás, tratou de lle poñer remedio ao problema e determinou que “como a advocación da igrexa maior e parroquia desta vila é do glorioso Apóstolo Santiago, e o día da súa festa viuse ben que os oficios divinos se fan con algunha indecencia, porque os sacerdotes e moitos dos veciños saen fóra da vila para outras freguesías da mesma advocación, e para que isto se remedie de aquí en diante e non se note falta da devoción nos ditos veciños con padroeiro e santo a quen tanto se lle debe, que se celebre a súa festa, que é o vinte e cinco de Xullo, o mellor que se puider, segundo a posibilidade da vila, e tocante ó culto divino, que se digan as vésperas e misa cantada con toda a solemnidade posible, e que haxa sermón, e que se avise ós capeláns de prover da vila e da súa excelencia que aquel día nin a véspera non falten, so pena de que se multe a cada un en seis reais”¹²⁰. Dende o século XVIII, a festividade era celebrada con misa solemne e a procesión ao redor do adro da pesada imaxe do Santiago Matamours

117. Tomado e traducido de PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas de mi rincón natal*, A Coruña, 1977, p. 153 e 155.

118. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 418-421.

119. *Idem*, p. 379.

120. *Idem*, p. 362.

de Gambino; así é lembrado polo cóengo e prefecto de cerimonias da catedral compostelá que constata a pouca relevancia da festa de Santiago en comparación coas patronais e evoca a asistencia cando era un neno “á misa solemne e, deseguido, á procesión coa imaxe de Santiago dacabalo [...]. Chamaba a atención [...] a fortaleza dos portadores desta talla que, por ser moi pesada, eran considerados como auténticos heroes”¹²¹; na actualidade, a procesión foi suprimida. Pola súa parte, Paz Fernández recolle un artigo titulado “UN PLEBISCITO (Cuándo y cómo deben ser nuestras Fiestas)”, publicado en febreiro de 1917, no xornal local *Ecos del Eume*, no que se propón un plebiscito para trasladar as festas patronais de setembro ao mes de xullo, xa que se constata con pena que “a festividade de Santiago Apóstolo, patrón da nosa vila, pasa case desapercibida e xa que logo moi ben podería compaxinarse todo, verificándoo no mes de xullo, por exemplo o vinte e catro vésperas, vinte e cinco festividade do patrón do pobo Santiago, vinte e seis ofrenda ao copatrón San Nicolás de Tolentino, vinte e sete función da Virxe das Virtudes e vinte e oito xira ao Eume”¹²².

Así e todo, hoxe, malia que non hai procesión, si se conmemora a festa de Santiago coa misa solemne na igrexa parroquial de Pontedeume. Ademais, as rúas que formaban o vello recinto medieval da vila son engalanadas na festividade do Apóstolo con bandeiras galegas, para celebrar o Día de Galicia como anhelaba Castelao, desconsolado pola “negra sombra” do desterro en Francia, un vinte e cinco de xullo de 1947, “ver o noso país embandeirado de azul e branco, con músicas, gaitas, pandeiros, aturuxos e foguetes [...]; [e como] unha alborada de gloria [...], a muiñeira de campás iniciada en Compostela”¹²³ repenica tamén no campanario eumés.

Pola súa parte, a rica iconografía do Apóstolo que existe na vila, representada polas imaxes do Santiago en Maxestade –no altar maior da igrexa parroquial, na capela das Virtudes e no cruceiro da praza das Angustias–, do Matamouros –a devandita talla de Gambino e o relevo da fachada do templo parroquial– e do Peregrino –no retablo do Sagrado Corazón de Xesús– sería merecente dun estudo polo miúdo noutro artigo.

O CAMIÑO INGLÉS AO SEU PASO POR PONTEDEUME

O aumento do número de persoas que utilizaban o Camiño Inglés dende Ferrol e as Terras da Mariña Alta e tiñan que pasar necesariamente por Pontedeume para ir a Santiago onda a tumba do Apóstolo fai supoñer que, logo da concesión do privilexio real

121. Tomado e traducido de FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 33.

122. Tomado e traducido de PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro Popular Eumés (Festas anuais)*, Pontedeume, 1994, p. 173.

123. Cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre...*, Libro IV, 1, p. 246.

de 1270 e da concentración de poboación que iso supuxo para a vila creada *ex novo*, esta se convertería para os peregrinos nun lugar de acollida onde descansar para continuar con ben a súa viaxe piadosa. Cómpre lembrar que Pontedeume, paseniño, se vai consolidando como o principal núcleo de poboación situado entre Ferrol e Betanzos, por mor do puxante comercio, a pesca e a agricultura, e que os peregrinos buscaban refuxio nas vilas prósperas do Camiño.

Como acredita López Calvo, dende o século XI, a asistencia aos peregrinos facíase a través do acollemento ofrecido polos mosteiros e hospitais, pero, a partir do XII, a solidariedade veciñal fai medrar a carón das parroquias unha organización de axuda mutua entre os seus fregueses e, asemade, xorden tamén pequenas institucións piadosas que teñen como obxectivo a asistencia aos enfermos e peregrinos. Estes movementos parroquiais nados en Galicia, e con toda probabilidade tamén en Pontedeume, moitos deles postos baixo a advocación do apóstolo Santiago, mantiveron vivos, coa axuda dos cenobios, o fenómeno xacobeo e o entusiasmo polas peregrinacións¹²⁴.

A concesión do xa citado privilexio outorgado por Afonso X o Sabio (1252-1284) en 1270 para que “pueblen en el lugar que dizen ponte deume et que fagan y uilla” e as confirmacións posteriores realizadas a través de sucesivos privilexios reais¹²⁵ tiveron unha influencia grande para a formación dun importante núcleo urbano en Pontedeume, pero o despegue definitivo da vila vai vir da man da Casa dos Andrade.

Como xa se dixo, por mor dun privilexio real de dezanove de decembro de 1371, o rei Henrique II (1369-1379) concédelle en Burgos a Fernán Pérez de Andrade o señorío de Pontedeume, entre outros. O Bo, como era alcumado o primeiro señor da vila, comprendeu axiña a necesidade de acometer as imprescindibles obras que permitisen unha comunicación fluída entre todos os seus territorios para xerar riqueza para el, pero tamén para os habitantes que estaban baixo a súa xurisdición. A lenda atribúelle o alcume de Bo porque patrocinou a construción de sete pontes en sete ríos caudalosos, sete igrexas, sete mosteiros e sete hospitais¹²⁶. Entre as pontes que mandou levantar destacan as situadas no Camiño Inglés, que serviron tamén para que os peregrinos salvaran os ríos que se atopaban na súa ruta cara a Santiago de Compostela: a ponte do Burgo, que unía os actuais concellos de Culleredo e Cambre que o río Mero separaba; a de Xuvia, que salvaba o río do mesmo nome entre Neda e Narón, preto do mosteiro de San Martiño do Couto; a do río Baxoi, na parroquia homónima de Ponte Baxoi, no hoxe concello de Miño; a de Ponte do Porco sobre o Lambre, que unía os actuais concellos de Miño e Paderne; e a de Sigüeiro,

124. Véxase LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 746 e 747.

125. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia...*, *op. cit.*, p. 189-201, especialmente a cita tomada da 191.

126. Véxase FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas do Eume*, “Cátedra”, 19, Pontedeume, 2012, p. 432-434.

que salvaba o río Tambre entre Oroso e Santiago de Compostela; así e todo, a ponte máis sobranceira que o Bo mandara construír no Camiño Inglés fora a de Pontedeume, que unía os actuais concellos de Pontedeume e Cabanas, que chegou a ter sesenta e oito arcos e a albergar unha capela e un pequeno hospital no que debían reservarse sempre catro camas para os peregrinos¹²⁷.

Decidido impulsor do Camiño de Santiago, ademais das pontes que facilitaban o paso dos peregrinos, Fernán Pérez de Andrade patrocinou tamén a construción de igrexas, mosteiros e hospitais situados preto da ruta xacobeá para lles prestar unha axeitada atención espiritual e material; entre eles podemos citar as igrexas de Santa María do Azougue e de Santiago en Betanzos ou a capela do Espírito Santo na ponte eumesa; os mosteiros de San Francisco de Betanzos e de Ferrol ou o de San Domingos da Coruña; e o hospital de San Bartolomeu de Betanzos ou o da ponte eumesa.

A entrada do Camiño de Santiago en Pontedeume realízase a través da ponte de pedra que salva o río Eume e une este municipio co de Cabanas. Abandónase así un ámbito rural, que se viña impondo nos últimos quilómetros, e pode verse xa un horizonte máis urbano. O Torreón dos Andrade, que preside a entrada na vila, e as torres da igrexa



Entrada do Camiño Inglés en Pontedeume

127. Sobre as lendas nas pontes do Camiño Inglés, pode verse FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, *op. cit.*, p. 417-498. Verbo da historia da ponte, cómpre consultar, entre outros moitos, COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 131-137; LÓPEZ CALVO, X. A.: *Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na comarca eumesa*, "Cátedra", 6, Pontedeume, 1999, p. 163-186; LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales...*, *op. cit.*, p. 729-771; BREIXO RODRÍGUEZ, C., MACEDO CORDAL, C., LÓPEZ CALVO, A. e SÁEZ TABOADA, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago*, Pontedeume, 2004; CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, *op. cit.*, p. 18 e 19; CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, *op. cit.*, p. 136-141; CORREA ARIAS, J. F.: *Fernán...*, *op. cit.*, p. 154-160; CORREA ARIAS, J. F.: *A Ponte do Ume*, "Cátedra", 2, Pontedeume, 1995, p. 15-56; e CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A Ponte do Ume II*, "Cátedra", 7, Pontedeume, 2000, p. 7-44.

parroquial, á dereita da ponte; e a capela das Virtudes, na esquerda; así como as numerosas casas, moitas delas con galerías, fan pensar en que se chega a unha das vilas máis importantes deste Camiño Inglés que parte do porto ferrolán de Curuxeiras. Así e todo, é unha mágoa a desagradable presenza dun solar en ruínas, cuxas obras levan xa paralizadas unha chea de anos e afean a entrada ao recinto urbano.

A vila aparece protexida pola ampla sombra do monte de Breamo, dende cuxa cima se poden ver as rías de Ares, A Coruña e Ferrol. En 1187, neste cumio desasistido e solitario do Breamo, construíuse o fermoso templo románico baixo a advocación de san Miguel, que en 1236 estaba a cargo dos cóngos regulares de Santo Agostiño. Está amplamente aceptada a teoría da cristianización dos montes a través da figura do arcanxo. Os eumeses celebramos dúas romarías cada ano nas que se sobe andando até a ermida os días oito de maio –aniversario da milagrosa aparición do arcanxo no monte Gárgano, no ano 492– e vinte e nove de setembro –data na que a Igrexa celebra a súa festividade–, nos que, en palabras do Padre Placer, “á paisaxe natural, cómpre engadírselle a paisaxe humana, mestura de mariñá e montesía. Son días para o culto litúrxico na santa capela, para cantar as gabanzas da empanada e dos demais produtos da cociña pontedeumeña; e non sería estraño que baixedes do monte sen vos decatardes, porque... o viño éche moi fresco no coto”¹²⁸.

Á dereita da ponte de pedra, está o porto, inzado de embarcacións de recreo, pequenos caiucos, veleiros e tarrafas que nos lembran que a pesca –hoxe en menor medida– era unha actividade fundamental para a vila noutros tempos. Se o paso do peregrino coincide en época de marisqueo, moitos dos caiucos terán a bordo as rañeiras para extraer a ameixa ou o berberecho do mar; deles di con tenrura Ramiro Fonte que “comecei a amar os caiucos, as máis humildes das nosas embarcacións, debido ó sentimento de piedade que despertan dentro dun as cousas indefensas”¹²⁹. Nos tempos en que a veda está aberta, moitos destes caiucos coas rañeiras a bordo fondean cos seus rizóns na banda esquerda da ponte, porque alí é onde extraen o marisco.

Alén da ponte, dende a beira dereita, tamén se ven a ría de Ares e as praias da Madalena, por cuxo piñeirál –no que aínda se pode comer o polbo e beber un bo ribeiro na feira celebrada o día vinte e un de cada mes– cruza o Camiño Inglés para chegar a Pontedeume, e de Zopazos, que na chamada Pena do Soldado acolle unha fermosa imaxe pétrea da Virxe do Carme, que despide e recibe os mariñeiros eumeses cando van ou regresan do mar.

Dende o peitoril esquerdo da ponte, pode contemplarse o fermoso paseo marítimo que acolle o encontro do río Eume no seu esteiro coas augas salgadas. Á entrada do paseo

128. Tomado e traducido de PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas...*, op. cit., p. 151 e 152.

129. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 23.

está a praza de Rosalía de Castro, onde se erixen un monólito dedicado á insigne escritora e unha xeitosa fonte, que case nunca ten auga, decorada coas cabezas das emblemáticas figuras do oso e o xabaril, símbolos da vila e da Casa dos Andrade. Unha das vías do paseo marítimo desemboca en Esteiro, preto do río Covés, o derradeiro afluente do Eume, e a outra, en Nogueirosa.

Ao lonxe, visible tamén dende a varanda esquerda da ponte, chantado sobre a Pena Leboeira, está o castelo de Andrade, dende cuxa torre se divisan as máis fermosas vistas do golfo Ártabro, formado polas rías de Ares, Ferrol, A Coruña e Betanzos. Foi levantado por Fernán Pérez de Andrade, que iniciou a obra en 1369 e a rematou no 1377, despois de bravas disputas pola propiedade do solar cos monxes do convento de Sobrado. Nesta fortaleza foran confinados polas tropas irmandiñas comandadas por Roi Xordo a muller e os fillos do terceiro señor de Pontedeume, Nuno Freire de Andrade, alcumado o Mao. Contan as lendas que había un pasadizo subterráneo que unía o castelo co torreón do pazo que os Andrade tiñan na vila e que na fortaleza de Nogueirosa morreran de fame Mauro, o paxe ou o fillo bastardo –segundo quen refira a historia– do señor de Andrade, e Elvira, a ama de compañía da súa dona, polo que o castelo de Andrade tamén se chama castelo da Fame¹³⁰.

Pola vella ponte medieval mandada construír polo Bo pasou o bispo de Arzendjan Armenio o Mártir, que entra en Galicia polo Camiño do Norte en 1492, despois de visitar a catedral de Oviedo, e en Betanzos toma o Camiño Inglés e vai a Compostela¹³¹; ao seu regreso, despois de ir a Fisterra, pasa por “unha cidade preto da cal, malia que un pouco máis abaixo, corre un río grande, cunha ponte de sesenta e oito arcos”, que só pode ser a de Pontedeume, e continuou o seu camiño cara a Bilbao¹³². Cruzou tamén a ponte eumesa o célebre bacharel Bartolomé Sagrario de Molina, no século XVI, que a describe así na súa oitava: “Tomada ocasión de aquello del Sil, / notad otra puente de gran maravilla / que llega a tener de largo una milla / contada por pasos que pasan de mil / sobre sus arcos de piedra y sutil / que son Puentesdeume aquesta que digo. / No siento a la prueba hallarse testigo / que diga haber visto tal cosa gentil”¹³³; logo, xa en prosa e máis polo miúdo, explica tamén que “con moita razón cómpre facer conta e poñer en memoria esta insigne ponte, cuxa longura non penso que se poida atopar en España. Ten mil douscentos pasos e, considerando que as que noutros reinos se gaban por moi longas non chegan aos catrocentos, é de ver a excelencia e grandeza desta. Atópase nunha ría a dúas légoas do mar sobre os

130. Pode verse a lenda en FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, op. cit., p. 435-437.

131. Seguíu así o dito popular que afirma que “quen vai a Santiago e non ve o Salvador honra o servo e esquece o Señor”.

132. GARCÍA MERCADAL, J. (trad.): *Viajes...*, op. cit., t. I, p. 392-398, especialmente a 397, de onde está traducida a cita. Hai quen a identifica coa ponte de San Vicente de la Barquera, pero esta non tiña os sesenta e oito arcos que si se lle atribúen á de Pontedeume.

133. Véxase PARRILLA, J. A. (ed.): *Descripción del Reino de Galicia por el licenciado Molina*, Santiago de Compostela, 1998, p. 80; non se traduce para respectar a medida dos versos e a súa rima.

seus arcos de xentil edificio, é cousa de estimar. Está cabo dunha vila que toma o nome da mesma ponte [...]. Esta vila das Pontes de Eume [...] é un pobo de tanta frescura de árbores e tan deleitable asento e vista, que ben se pode chamar o verxel de Galicia”¹³⁴. Nesas mesmas datas, o peregrino polos Camiños de Santiago Bartolomeo Fontana dicía que “ao entrar por Pontedeume pasei unha longa e antiquísima ponte de pedra, que sustentaba moitos arcos e que cruza un porto. Na miña vida non vin unha tan longa en país ningún nin a puido ver ninguén; no medio dela hai un hospital que alberga peregrinos”¹³⁵. Tamén cruzou a vella ponte medieval dous séculos despois, en 1745, frei Martín Sarmiento; no camiño de ida, cara a Ferrol, afirma que “é estreita [...] pero moi longa pois din que ten sesenta e un arcos, e é toda de pedra. Ao entrar nela hai, a un lado, un lobo [en realidade é un oso] de pedra. E á esquerda, un porco ou xabaril de pedra cunha inscrición no lombo ben grande [...]. Ao pasar a ponte, a baía, que fica á esquerda, é parecidaña á de Pontevedra [...]. [Á dereita, vense] montes como en círculo e neles está a Torre [castelo] de Andrade [...]. Aquí [na vila] fixen mediodía”¹³⁶; na viaxe de volta di que “sobre a vila de Pontedeume vese o alto monte de Breamo, cun remate ao mar que é o cabo de Centroña”¹³⁷; sobre a ponte asegura que “fíxen que se contaran os ollos; ten en todo sesenta [na ida falaba de sesenta e un], dos que dez están na calzada. Baixeime da ponte, ao acabala, para rexistrar os animais de pedra [...]. O oriental non é lobo [como dixera na ida] mais un oso, sen letras. O occidental é un xabaril ou porco bravo e ten no lombo seis ringleiras de caracteres que todo o máis serán do século XIV. O contido está en lingua galega, ao parecer; lese ano de Xesús Cristo e que se fixo a ponte en seis anos”¹³⁸.

A ponte actual foi construída entre 1867 e 1870, e reedificada entre 1884 e 1888. En 1970, substituíuse o vello peitoril de cantaría polo actual de formigón armado e nos oitenta foi modificada na parte correspondente a Cabanas para facer unha estrada que a unise co piñeiral do Areal, malia que para iso houbo que eliminar sen escrúpulo ecolóxico ningún a xa mítica praia do Tambre e amolar así aos eumeses que gozabamos dela no verán. Ao seu paso pola vila cara a Ferrol, nos anos oitenta do século XIX, dirá Manuel Murguía: “Saudemos o vello Pontedeume, cheo das lembranzas dos antigos señores [...]. Decontado pasamos pola longa ponte construída por Fernán Pérez e gozamos do fermoso panorama que dende ela se descobre. Non son só as augas dun río, son tamén as do océ-

134. Tomado e traducido de *idem*, p. 80 e 111; o texto en prosa si que o traducimos.

135. Tomado e traducido de MACEDO CORDAL, C.: “Las peregrinaciones italianas a Santiago. Sinopsis del relato de Bartolomeo Fontana”, en BREIXO RODRÍGUEZ, C., LÓPEZ CALVO, A., MACEDO CORDAL, C. e SÁEZ TABOADA, B.: *Pontedeume...*, op. cit., p. 93. Véxanse tamén os magníficos debuxos realizados por Fernando Sarmiento en CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A ponte...*, op. cit., p. 7-44.

136. PENSADO TOMÉ, J. L. (ed.): Fr. *Martín Sarmiento. Viaxe a Galicia (1745)*, Toxosoutos, Noia (A Coruña), 2001, p. 83.

137. *Idem*, p. 88.

138. *Ibidem*. Consonte a interpretación de Antonio de la Iglesia a inscrición di: EN NA ERA DE MIL E CCCLXXX. ANO9 [TRESCENTOS OITENTA ANOS], / DA NACENZA DE / NOSO SENOR IESU XUO [CRISTO] / POR ABRIL COMEZADA E / ACABARONA EM SEIS AN9 [ANOS] ESTA / PONTE; cfr. IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, t. II, A Coruña, 1886, p. 58.

ano as que se estampan nos tallamares e pasan ou se arremuíñan baixo os amplos arcos desta que foi, dende un principio, obra importante e de caridade, pois no seu centro se erguían unha pequena capela e un hospital de peregrinos”¹³⁹. Por esta ponte, aínda que tampouco en dirección a Santiago de Compostela senón cara a Santo André de Teixido, “onde vai de morto o que non foi de vivo”, consonte reza a sentenza popular¹⁴⁰, pasaron así mesmo, en 1929, don Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben-Cho-Shey; co gallo desta peregrinación, Otero Pedrayo, en *Pelerinaxes*, describe o Eume como “un río de loita, de combate, esgrevio serranchín, que labra os cernes duros do granito. Boa diferenza c’os ríos desfiados, superfizás, tranquiños das mesetas lucenses. Eiquí o río sinte a responsabilidade histórica –xeoloxía histórica– da súa funzón erosiva. Podía folgar un pouco na conca ditosa. Non ten vagar. Cada fío criado nos outos e batido nas fervenzas figura gardar un ritmo de carreira [...]. O Eume, fillo de cumes desertas, inda ten moito que puxar. Así morre tan gostoso baixo a bendición que lle botan os arcos das Pontes d’Eume”¹⁴¹; finalmente, Otero Pedrayo asegura que Pontedeume é unha “vila de bôs aires que tén un pòrvir no veraneo e no turismo [...]. O Eume ollou a colonización monástica –Caabeiro–; agora, ô igual d’un río suízo –foron tamén feudales e monásticos–, proporciona o romanticismo necesario pr’o burgués en vacazós”¹⁴². Pola súa parte, o tamén peregrino egrexio Uxío Novoneyra confirma en 1999 a súa determinación de “Ir a Pontedeume tomar a costrada / pela a pela emparedada. / Cruzar a ponte / coma Roxín / co xabarán”¹⁴³. Así mesmo, Xoán Carlos I (1975), acompañado da raíña Sofía, despois de presentarlle a súa primeira ofrenda ao Apóstolo como rei o vinte e cinco de xullo do Ano Santo de 1976¹⁴⁴, catro días máis tarde, dende A Coruña, visitou Pontedeume, onde foi recibido polo pobo, encabezado polo alcalde Celestino Sardiña e a corporación, e cruzou a ponte en coche cara a Ferrol.

O peregrino, despois de atravesar a ponte, á dereita, pode dirixirse ao novo albergue situado no ben remodelado e xeitoso porto xacobeo para descansar, ou seguir o Camiño e cruzar polos pasos de peóns da estrada comarcal –que vai logo pola costa cara a Miño– para entrar pola antiga porta do recinto medieval eumés, ao que se chega pola praza de España, que hoxe ocupa a parada de taxis e serve de acceso á rúa Real. Dende a praza, que ten uns fermosos soportais á esquerda e casas con galerías, o chan empedrado

139. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia*, t. II, Santiago de Compostela, 1985, p. 1174-1176.

140. Conta unha lenda que o apóstolo santo André, doído porque o seu santuario non era tan visitado como o de Santiago en Compostela, mostroulle a súa queixa ao Señor, que lle prometeu que, dende aquela, irían alí moitos peregrinos e que o que non fose na súa vida tería que ir logo de morto.

141. OTERO PEDRAYO, R.: *Pelerinaxes*, Sada, 1993, p. 175 e 176.

142. *Idem*, p. 176 e 177.

143. Cfr. NOVONEYRA, U.: *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999, p. 115. A fermosa lenda de Roxín Roxal pode verse en FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, *op. cit.*, p. 467-478.


144. Cfr. PRESAS BARROSA, C.: *Las ofrendas nacionales a Santiago Apóstol, patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002, p. 313 e 314.

estará presente en toda a ruta xacobeá até a saída do vello recinto medieval, pola antiga Porta de San Roque da muralla xa derruída.

Até principios do século XX, facía de pórtico da rúa Real o chamado arco de Maldonado, situado debaixo dunha das torres da antiga muralla da vila e sobre o que en 1662 se levantou unha capela denominada da Concepción da Virxe.

Na actualidade, o primeiro treito da rúa Real está protexido por soportais de pedra, nas súas dúas beiras, cuxos arcos sosteñen vellos edificios, algúns moi ben conservados e outros non tanto; os baixos acollen bares e pequenos comercios. Na súa beira dereita non se interrompen os soportais até a confluencia coa praza Real; e na esquerda, desaparecen á altura da praza do Pan, que se comezou a construír en 1849; en 1941 foi reurbanizada e en 1984 remodelada polo escultor José Díaz Fuentes, que lle colocou no seu centro unha figura de bronce que representa unha muller de longa cabeleira amasando e dándolle forma coas súas mans a un molete. A praza do Pan acolle a parte lateral do chamado pazo do Arcebispo Raxoi, reedificado sobre a antiga casa de seu pai. É unha magoa que o edificio que está fronte a el se atope tan mal conservado, pois tivo en tempos unha fermosa galería que hoxe se acha moi deteriorada; ademais, os dous balcóns e a galería que dan á rúa Real precisan tamén unha urxente rehabilitación.

Os soportais volven aparecer na beira esquerda para lle servir de sostén á xeitosa fachada do edificio de Raxoi, que dá á rúa Real e presenta tres corpos erguidos sobre cadanseus arcos de medio punto, con dúas alturas con senllos balcóns de ferro forxado en cada corpo e un ático no central, onde campa o fermoso escudo pétreo do seu propietario, un dos fillos máis ilustres que deu a vila, o prelado compostelán Bartolomé Rajoy y Losada (1751-1772). Este brasón, de estilo barroco, dispón no alto a cruz patriarcal, enclavada nunha cuncha de vieira que nos indica que ocupaba a sé compostelá, debaixo da que aparece o capelo ou sombreiro, que alude á súa condición de prelado, e do que parten dous cordóns, rematados en dez borlas a cadanseus lados, que confirman o seu título de arcebispo primado; debaixo do capelo, pode verse unha coroa real que constata a súa estreita vinculación co rei Fernando VI (1746-1759) que o nomeara o seu capelán maior, gobernador do Consello de Castela e comisario xeral da Cruzada e llo propuxera ao papa Bieito XIV (1740-1758) como arcebispo compostelán; a ambos os lados do escudo, hai dúas palmas que poden facer referencia ao martirio sufrido polo santo que lle dá nome, Bartolomeu, probablemente porque coincidía a data do seu nacemento coa festividade deste apóstolo, o vinte e catro de agosto; o interior está dividido en catro cuarteis; no primeiro dispónse unha torre sobre unha ponte de tres arcos para salvar un río que podería ser unha homenaxe ao seu Pontedeume natal, xa que no escudo da vila figuran tamén a torre e a ponte sobre o río Eume; no segundo, dous lagartos que fan referencia á liñaxe dos Losada; no terceiro, unha torre ou castelo; e no cuarto, tres estrelas sobre unha banda que o cruza en diagonal.



Brasóns de Rajoy nos pazos que levan o seu nome en Pontedeume e Santiago de Compostela

Unha réplica máis sinxela deste brasón dispónse tamén na placa que, como homenaxe a un dos seus máis preclaros fillos, colocou o pobo de Pontedeume na devandita parede lateral do pazo que dá á praza do Pan. Este escudo do arcebispo Rajoy (1751-1772) aparece así mesmo esculpido en Santiago de Compostela a ambos os lados da fachada do pazo que leva o seu nome e que mandou levantar na praza do Obradoiro e hoxe é sede do Concello e da presidencia da Xunta de Galicia, malia que presenta pequenas variantes; o pazo compostelán de Raxoi está presidido pola imaxe do Santiago Matamouros e debaixo dela aparece representada a mítica batalla de Clavijo. Tamén na Porta do Paraíso, pola que entran na catedral os peregrinos chegados a Santiago de Compostela a través do Camiño Inglés, cando non é Ano Santo, aparece o escudo do arcebispo eumés, porque se fixo no seu pontificado; o elemento xacobeo da fachada está representado neste caso pola imaxe de Santiago Peregrino que ten aos seus pés os reis de España. Por outra banda, en 1768, no pontificado de Rajoy (1751-1772), o pequeno hospital compostelán de San Miguel foi incorporado ao de San Roque para que se puidese ocupar mellor da atención dos peregrinos que o seu funda-

dor lle encomendara en 1450 e que estaba no século XVIII moi descoidada; case todos os centros asistenciais composteláns, e xa que logo tamén os que se ocupaban dos peregrinos, foron debedores da iniciativa e o mecenado do arcebispo eumés¹⁴⁵.

No tocante a Pontedeume, reedificou a igrexa parroquial dedicada a Santiago, en cuxa fachada fixo labrar un relevo do Matamouros, e dooulle abondosas xoias, fundou e dotou unha escola para nenos e outra para nenas, e mandou construír para os mariñeiros eumeses un peirao e dez grandes almacéns que aínda subsisten e que son utilizados hoxe para diversas funcións polo Concello; un deles é empregado como albergue de peregrinos. O insigne prelado eumés está enterrado na capela da Comuñón da catedral de Santiago de Compostela, cuxa obra se realizou baixo o seu mecenado e onde figura labrado tamén o escudo do seu pontificado; así e todo, unha lenda, alimentada por unha información publicada no xornal *Dependiente de Comercio* e recollida polo cóengo López Ferreiro, asegura que “los intestinos quiso que se enterrasen en S. Fructuoso y el corazón en una yglesia que había fundado en Puente deume”¹⁴⁶.

O Camiño Xacobeo en Pontedeume, despois de deixar atrás o chamado pazo de Raxoi, vaise empinando cada vez máis pola rúa Real. Os vellos soportais acollen todos os sábados do ano postos ambulantes de venda de roupa ou de produtos locais, como queixos artesáns, patacas, leitugas, grelos, mel e froitas de tempada, que se instalan no Feirón. Ademais da do arcebispo, algunhas casas presentan tamén brasóns nas súas fachadas, malia que moito máis modestos que o do prelado.

Os soportais interrómpanse novamente ao chegar á fermosa praza Real, presidida pola casa do concello e rodeada por edificios con galerías e balcóns. No seu chan empedrado, dispónse en relevo o escudo municipal, realizado por Díaz Fuentes, que tamén se encargou da remodelación da praza. Este artista realizou así mesmo o deseño da veciña rúa da Inmaculada, que alterna na decoración do empedrado as figuras do oso e do xabariño dos Andrade, polo que é chamada tamén polos eumeses máis retranqueiros a rúa dos Porcos. A praza Real está sempre chea de vida, ao que contribúen todo o ano, pero sobre todo nos meses de verán, as terrazas dos bares que alí se dispoñen.

A casa do concello, de pedra, está levantada a carón dos soportais da marxe esquerda da rúa. Un arco de medio punto faulle de porta de entrada ao edificio, que ten dous andares máis. O primeiro presenta na súa fachada o gran balcón de ferro forxado, onde se izan as bandeiras de Europa, España, Galicia e Pontedeume, e dende o que se pronuncian

145. Véxase BARREIRO MALLÓN, B.: “Hospital da cidade de Santiago”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *O Hospital Real de Santiago de Compostela e a hospitalidade no Camiño de Peregrinación*, Santiago de Compostela, 2004, p. 87-105.

146. Cfr. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. X, Santiago de Compostela, 1908, p. 154.

os pregóns que inauguran as festas patronais e o Feirón Medieval, ou o sermón da procesión do Santo Encontro. No corpo superior da fachada, destaca a presenza de tres grandes fiestras de madeira e cristal que se asoman á praza Real. O tellado é a dúas augas. A parte traseira do edificio, que ten unha fermosa galería, dá á rúa dos Ferreiros, que mellorou moito o seu empedrado coa última obra que alí se fixo.

Esta construción ten acaroada á súa dereita, na fachada, a chamada Torre dos Ulloa ou do Reloxo. A estrutura da torre organízase en catro partes, das que as tres primeiras se sitúan á mesma altura que os andares da casa do concello. Na parte baixa, hai unha porta, como no edificio consistorial. A carón do balcón do consistorio, campá un escudo atribuído por Vázquez Rey a Fernando Ruíz de Castro Osorio e Portugal, conde de Lemos e marqués de Sarria, casado con Tareixa –filla do primeiro conde de Andrade, oitavo señor da vila e tamén conde de Vilalba, Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas–. Así e todo, Fernando Ruíz de Castro Osorio e Portugal nunca chegou a ser señor de Pontedeume; a súa dona, Tareixa, morreu antes que o seu pai e a herdanza dos condados de Andrade e de Vilalba, e xa que logo do señorío de Pontedeume, pasou a mans de Pedro Ruíz de Castro e Andrade, alcumado o Vello, neto de Fernando de Andrade e fillo de Tareixa e Fernando Ruíz de Castro. Logo do pasamento do seu pai, Pedro herdou en 1576 tamén o condado de Lemos e o marquesado de Sarria e fusionou na súa persoa as Casas de Lemos e de Andrade; dende aquela, como recoñece Couceiro Freijomil, “a historia de Pontedeume é preferentemente interna e local. Tomando os novos señores asento noutro lugar, a vida da bisbarra experimentara unha radical transformación; perdidos os factores de prosperidade que os Andrade lles subministraban, limitábase en adiante a vivir a conta dela propia, perdendo bastante da súa antiga sona e do seu esplendor”¹⁴⁷. O brasón presenta unha coroa decorada con sete floróns sobre a que está esculpida a cabeza dun anxo ou un neno; o escudo está encadrado por catro borlas nos seus extremos que rodean senllas esferas que levan inscrita a lenda SPES MEA IN DEI [a miña esperanza está en Deus]; entre as esferas, aparecen dous animais mitolóxicos a cadanseus lados que simulan a figura enroscada dunha serpe entre flores tropicais; tamén se dispoñen os seis discos da Casa de Castro e as quinas e castelos de Portugal, o castelo e o león de Castela e León, as barras de Aragón e Sicilia, os leóns e castelos dos Henríquez e os lobos dos Osorio¹⁴⁸.

Á altura do segundo andar da casa do concello, a torre presenta unha estreita xanela e, na parte superior, que excede o alto do edificio veciño, están o reloxo municipal, entre dúas ventaíñas cadradas, e un campanario protexido por barrotes de ferro forxado que acolle a campá grande, que sinala as horas, e a pequena, que indica os cuartos. O pobo réxese sempre polas horas marcadas por este reloxo da Torre dos Ulloa, pero dun xeito espe-

147. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 271.

148. Véxase para un estudo máis polo miúdo VÁZQUEZ REY, A.: *Heráldica de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1996, s. p.

cial o día sete de setembro, cando soan as doce badaladas que anuncian o estoupido das vinte e unha bombas de palenque e a saída dos mómaros e cabezudos, e sinalan así o comezo das festas patronais.

No interior da Torre dos Ulloa, sempre pechada ao público, hai un lugar mítico chamado Cagarrón, onde se ameazaba con levar aos nenos eumeses que se portasen mal. Ramiro Fonte describiuno con tenrura e retranca, asemade: “Así é chamado o cárcere dos municipais. Os nenos cren nel, aínda que nunca se verificou a súa existencia. Para algúns é a porta exterior da torre do reloxo, onde os varrendeiros gardan as súas vasoiras de xestas; para outros é a porta que, desde o interior, comunica coas escaleiras que soben á torre. A dicir verdade, é difícil que, con semellante nome, o cagarrón impoña demasiado respecto. Máis difícil aínda é que os municipais asusten ós nenos. Afeitos a refuxiarse da choiva baixo as columnas dos soportais, foron obtendo deste ámbito un aire protector, case indulxente”¹⁴⁹.

O extremo dereito da praza Real limita coa rúa de Santiago, nome de reminiscencias xacobeas, que a cruza de arriba a abaixo, e a súa intersección coa de Couceiro Freijomil, chamada así na honra do noso insigne filólogo, historiador, pedagogo, debuxante e mesmo poeta¹⁵⁰; antes fora denominada rúa da Cátedra porque alí se atopaba a cátedra de Latín fundada en 1580 por Beltrán Anido; hoxe acolle a biblioteca municipal, que felizmente pronto levará o nome de Ramiro Fonte.

Os soportais aparecen de novo na rúa Real despois da súa praza homónima; na beira dereita até o cruce coa rúa do Cantón; e na esquerda, até a travesía da Real. As súas columnas e arcos sosteñen edificios cuxos pisos baixos acollen un banco e pequenos comercios. Dende a travesía da Real, á esquerda volve haber soportais e comeza o *viacrucis* de bares salferido dalgún pequeno comercio. Dende que a rúa Real se cruza coa do Cantón, desaparecen os soportais nas súas dúas beiras, pero non así as tabernas, sobre todo na esquerda. Este é o treito máis empinado da rúa e os bares aquí xa se amorean. É a chamada rúa dos viños e nas horas punta do mediodía –até pouco antes do xantar– e da noite –entre as nove e as doce– adoita estar moi concorrida, especialmente nos meses de verán. Malia que hai varias casas que sería necesario rehabilitar, este espazo resulta moi fermoso e acolledor. Despois do esforzo que supón subir este treito tan empinado, ben paga a pena facer unha parada en calquera dos bares que alí abundan para recuperar o alento e refrescar a gorxa cun bo grolo de viño, cervexa ou mesmo algunha bebida que non teña alcohol. O peregrino sobe paseniño e con esforzo a costa, como o fai tamén na madrugada do Venres Santo a imaxe do Nazareno que, ao compás do Paso, unha marcha típica de

149. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos, op. cit.*, p. 116.

150. Véxase VV. AA.: *Homenaje al polígrafo eumés don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento / 1888-1988*, A Coruña, 1990.



O Nazareno e mais a Mómara soben, como os peregrinos xacobeos, a costa da rúa Real

Pontedeume, e despois da representación do Santo Encontro na praza Real, realiza a ombros dos portadores eumeses a súa particular ascensión até o Calvario local na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume¹⁵¹. O silencio e o respecto reinan na rúa esa madrugada no canto da alegría habitual, que se converte en balbordo o día sete de setembro, cando os mómáros, acompañados dos cabezudos, os nenos e os maiores, ao son do ñoñoroñó das gaitas, alcanzan a súa primeira meta ao final da costa da Real.

Xa na parte máis alta da rúa Real, o peregrino pode subir unhas escaleiras que o levan a unha praciña, situada a carón do adro da igrexa de Santiago –patrón da vila– e presidida pola imaxe pétreá de san Nicolás de Tolentino –o seu copatrón–, para visitar o templo parroquial e selar o documento para conseguir a *Compostela* que acredita aos que realizaron a pé, dacabalo ou en bicicleta os últimos cen quilómetros do Camiño de Santiago.

A rúa Real desemboca, á altura da dos Ferreiros, na praciña das Angustias. Esta todo o que non ten de grande teno de fermosa. Casas en xeral ben coidadas, con galerías e balcóns, rodean o cruceiro central, realizado contra 1950 polo escultor pontevedrés Daniel Pazos. O Crucificado mira cara ao templo parroquial e está acompañado polos dous apóstolos que, co maior dos Zebedeo, foron os seus discípulos predilectos, Pedro, que porta as chaves da Igrexa, e

151. Ramiro Fonte cóntao con mestría: “Ritmo de palitroques. Os monagos arrastran dous longos ríos de xente ben medrados. Soben pola rúa Real, acompañando as imaxes. O Paso volve soar como unha música de réquiem. Hai quen verá nas torres da nosa igrexa as tres cruces chantadas nun espido outeirño de Xerusalén. Maldito Poncio Pilatos”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos, op. cit.*, p. 219.

o imberbe irmán de Santiago, Xoán o Evanxalista, que lle mostrou á Virxe o seu Fillo no Calvario. No anverso do fuste, está gravado o escudo de Pontedeume. No reverso da cruz, a figura da Piedade sostén no seu colo a Cristo, que acaba de ser desencravado; debaixo da Virxe das Angustias, dispónse a imaxe de Santiago sedente e en maxestade, co báculo en forma de tau na man esquerda e un filacterio na dereita. Por mor da inclinación da praza, o cruceiro presenta un pedestal con catro chanzos no anverso e cinco no reverso¹⁵².

Sen dúbida o que mellor describiu os costumes e mesmo a idiosincrasia das xentes que habitaron na praciña das Angustias foi Ramiro Fonte na súa triloxía *Vidas de infancia*; cunha gran calidade literaria, tenrura, retransa e paixón, mostrando incluso as súas filias e fobias, retratou coma ninguén a alma mesma da praza na que naceu e viviu os anos da súa nenez¹⁵³.

A carón do cruceiro, está a única fonte que existe, no treito que percorre o Camiño Inglés, en todo o municipio eumés, malia que non sempre mana auga. É curioso que un concello tan rico en fontes como Pontedeume só teña unha, e que ás veces non estea dispoñible para calmar a sede dos peregrinos, na ruta xacobea; así e todo, preto do Camiño si se pode beber na do Paseo Marítimo, na da rúa de Santiago ou nas, algo máis afastadas, do Pilón e da Fontenova. Se cadra nas mellores páxinas do seu libro *Os meus ollos*, Ramiro Fonte describe con finu-



Anverso do cruceiro das Angustias e casa de Ramiro Fonte, e detalle do reverso coa imaxe de Santiago

152. Véxase un estudo máis completo en FONTE SARDIÑA, J. M.: *Os cruceiros...*, *op. cit.*, p. 26-37.

153. Véxanse FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, *op. cit.*; FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, Xerais, Vigo, 2004; e FONTE CRESPO, R.: *As pontes no ceo*, Xerais, Vigo, 2007.

ra a súa frescura e o seu cantar e non podía faltar neste relato a referencia á das Angustias: “É tempo de escoitar as fontes da vila. A das Angustias, ó pé do cruceiro, rodeada de mulleres e mozas que veñen encher as sellas e os baldes [...]. Bebín de todas elas. Xenerosas, saciaron a miña sede sen pediren nada a cambio, agás estas lembranzas. Sigo séndolles fiel. Creo recoñecer o son da auga que bate con forza na pía do Chafarís; o recatado son da fontela das Angustias: de beber outra vez desa auga, quizais morrería de esquecemento, desmemoria e cegueira...”¹⁵⁴.

Dende As Angustias, cómpre subir pola travesía entre a Corredoira das Virtudes, que lle debe o seu nome á patroa da vila, cuxo santuario está ben preto, e a rúa da Tafona até a praza de San Roque, que o pobo coñece tamén como da Calzada. Tanto o nome oficial como o popular teñen reminiscencias xacobeas; o primeiro porque san Roque é un dos santos máis relacionados co Camiño de Santiago e mesmo é representado cos atributos dos peregrinos xacobeos, como a esclavina, o sombreiro coa cuncha de vieira, o zurrón e o bordón coa cabaza; o segundo porque formaba a calzada do Camiño Real que foi aproveitada tamén, coma decote acontecía, polo Camiño de Santiago.

A praza foi chamada de San Roque porque alí se erixira no século XVI unha ermida na súa honra; “unha construción simple, de modesta arquitectura [...]. Un sinxelo centro de devoción arraigada con base na imaxe que acubillaba”¹⁵⁵. Nunhas ordenanzas da Confraría de San Roque, de vinte e oito de agosto de 1624, recollidas no Arquivo Municipal de Pontedeume, afirmase que a devandita confraría fora fundada en agradecemento “por los beneficios quean Rezevido del Glorioso Santo abogado delapeste [e que] desde muchos años aesta parte savia instituido la dha cofradia en esta villa con el nombre de las fiestas principales della”¹⁵⁶. De Castro Álvarez e Vázquez Arias din que “Pérez Constanti considera que posiblemente a cita se refira á peste de 1517 ou á que tivo lugar en Galicia algúns lustros despois. En todo caso, polo testamento de Alonso Mancebo sabemos que xa fora fundada en 1557, malia que con asento na igrexa parroquial, o que nos fai pensar que a capela aínda non estaba construída daquela. A referencia máis antiga á devandita ermida de San Roque aparece na visita de Jerónimo del Hoyo de principios do século XVII”¹⁵⁷. No informe desta visita realizada no ano 1607, o cóengo compostelán nomea entre as confrarías que había en Pontedeume a “de San Roque en la ermita”¹⁵⁸.

154. Non podó deixar de recomendar a lectura destas cinco maravillosas páxinas da literatura eumesa en FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos, op. cit.*, p. 66-70.

155. Cfr. COSTAS, L. e MACEDO, C.: *A ermida de San Roque de Pontedeume e a súa Confraría a través do Libro de Cabidos: As festas do santo*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 287.

156. Cfr. *idem*, p. 312.

157. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, *op. cit.*, p. 16.

158. Cfr. *idem*, p. 141.

As devanditas ordenanzas da Confraría de 1624 recollen algunhas curiosidades sobre as festas celebradas na honra de san Roque, onde se determina “que el tal mayord^o tenga obligación a hacer las fiestas y regocijos conforme es costumbre y se animare conforme a su posibilidad, procurando siempre el sucesor qe. estas fiestas vayan en aumento”¹⁵⁹. As misas e celebracións litúrxicas eran complementadas, segundo Lucía Costas e Carola Macedo, por “*regocijos*, predeterminados na súa maioría polos capítulos das ordenanzas da confraría [que] consistían en: máscaras, encamisadas, comedias, touros, xogos ecuestres, danzas e fogos”¹⁶⁰.

O Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela recolle a noticia dunha visita realizada no ano 1771, na que don Juan Varela Fondevila constata que a capela de San Roque, “que se halla en terminos de esta villa y Parroquia, hallase arruynada del Techo, y por partes propenso a caer; el Altar mayor deteriorado, y derribado el colateral de la epistola, con motibo de haver cahido antes de aora sobre el parte del dicho techo, que han compuesto: no tiene Renta ni misa de fundazion, solo la funcion el dia del Santo que deve hacer a su costa el Mayordomo por el horden que corresponda a cada uno de los vezinos”¹⁶¹. Manda, xa que logo, facer unha serie de obras e compras urxentes e que o “ejecute la Villa y sus vezinos a termino de seis meses por lo yndispensable que se hace este preciso debido adorno, a fin de remediar el Lastimoso estado en que se halla para celebrarse en ella la misa y funzion que tienen a su cargo”¹⁶².

O trinta e un de outubro de 1840 foi derrubada a ermida e trasladada a imaxe de san Roque á igrexa parroquial. Esta talla xa non se conserva e foi substituída por outra do mesmo santo. A acta de dezaseis de agosto de 1841, día da súa festividade, recollida no *Libro da Confraría de San Roque*, fai referencia a que a función do santo se realizou no templo parroquial pola demolición da vella capela e compromete a súa celebración para o ano seguinte: “En la sacristía de la Yglesia Parroquial de esta Villa a diez y seis dias del mes de Agosto de mil ochocientos cuarenta y uno [...], conclusas las completas de la festividad del Glorioso S. Roque cuya función se hizo en esta dicha Yglesia parroquial a causa de haverse demolido su Capilla por disposicion superior en atención al estado de ruina en que se hallaba, por conservar esta piadosa cofradia segun sus estatutos e inmemorial costumbre [...], se presento D. Narciso Yrrijoa, comandante de Nacionales del Batallon de la misma acompañado de algunos oficiales de la propia arma, y dijo que á nombre del Batallon toma el ramo del Glorioso Santo y se obliga a hacer la funcion por dho año próximo venidero”¹⁶³.

159. Véxase COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 381 e 382.

160. Cfr. COSTAS, L. e MACEDO, C.: *A ermida...*, op. cit., p. 302-309, especialmente a 303, de onde está tomada a cita.

161. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 182.

162. *Ibidem*.

163. *Idem*, p. 196.

Así e todo, as celebracións na honra de san Roque foron perdendo pompa e boato devagar e, malia que o gremio de mariñeiros tomou o testemuño na súa organización, só puido mantela até principios do século XX.

Sábese con certeza que nesta praza se celebraban o mercado de grans, como mínimo até o ano 1872, e múltiples actividades lúdicas e festivas. De Castro Álvarez confirma que “os festexos profanos da Virxe das Virtudes, consistentes en bailes, verbenas, fogos artificiais e paseos de moda, asociados aos de san Nicolás de Tolentino, tiñan lugar na praza de San Roque ou da Calzada. Esta praza foi utilizada, dende o século XVI, para celebrar as festas na honra de san Roque e fora remodelada e rehabilitada en diversas ocasións dende a desaparición da capela”¹⁶⁴. Por mor da súa escasa capacidade, a corporación municipal decidiu substituír, no ano 1913, a praza de San Roque pola Alameda, como escenario destas celebracións.

Así e todo, a praza de San Roque seguiu albergando comedias, concertos e outras celebracións relacionadas co lecer e a cultura. Dende hai algúns anos, as autoridades locais intentan recuperar, case sempre cun grande éxito de público, estas actividades. Porén, é unha mágoa que a súa fermosura se vexa perturbada acotío por unha auténtica invasión de coches que a usan como aparcadoiro. Ao meu ver, o Concello debería facer esta praza peonil e convertela outra vez nun espazo para os xogos dos nenos, os faladoiros dos maiores e para o lecer de todos os eumeses e dos visitantes da vila. Ademais, para o peregrino sería tamén un lugar ideal de descanso nalgún dos seus xeitosos bancos de pedra antes de acometer a dura subida que lle agarda até O Barro.

A entrada en Pontedeume do Camiño de Santiago realizábase xa dende o Medioevo pola Porta da Ponte onde estaba a vella muralla que protexía a vila que o camiñante abandonaba pola vella Porta de San Roque, que o situaba xa extra muros.

A praza de San Roque deixase atrás pola rúa do Empedrado; malia que a corporación municipal acordou nun pleno celebrado o vinte e seis de maio de 1967 cambiar o seu nome polo de rúa da Deputación, o pobo seguiu denominándoa Empedrado, polo que, vinte e dous anos máis tarde, o Concello decidiu, con bo criterio, o catorce de xullo de 1989, recuperar o nome co que era coñecida popularmente.

Despois da durísima subida entre as casas que limitan as dúas beiras da rúa do Empedrado, tendo boa conta dos coches que por alí circulan, xa no Souto da Vila, onde non quedan restos das árbores ás que alude o seu topónimo, hai unha pequena área de recreo cuns bancos de pedra que semella un lugar ideal para facer un descanso. Dende o seu pequeno miradoiro cómpre divisar por última vez a vila e a rúa ao fondo.

164. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, *op. cit.*, p. 169.



Vista de Pontedeume e a ría de Ares desde O Souto da Vila

É moi aconsellable deterse a contemplar esta paisaxe pola incuestionable beleza coa que se presentan Pontedeume –coas súas casiñas, entre as que se distinguen con claridade a igrexa parroquial e mais o Torreón; o porto, cos seus barquiños; as pontes de pedra e de ferro–, Cabanas –no alén– e a ría de Ares –coa praia da Magdalena, Redes e outras pequenas calas, co Mourón ao lonxe–; ademais, non se volverá ver o mar até que se percorran os máis de sete quilómetros que van dende esta área de recreo até o marco que nos sinala o quilómetro 81,711, xa no concello de Miño. A fermosa vista fai lembrar a cantiga entoada polos romeiros que van a Breamo: “Vexo a ponte, vexo a praia, / vexo a vila que deixei”¹⁶⁵.

A subida continúa e a pendente segue a ser moi pronunciada até O Barro, que pertence xa ás parroquias de San Miguel de Breamo e de San Pedro de Vilar. Antes de chegar ao final da costa, está, á dereita, o desvío que vai á fermosa ermida románica de San Miguel de Breamo, pero a ruta xacobeá continúa polo Barro até un camiño asfaltado, tamén situado á dereita, que vai ás Pedridas, pertencente á parroquia de San Miguel de Breamo e á freguesía de San Pedro de Vilar. Até este punto, o percorrido polo concello de Pontedeume, exceptuando o paso pola vella ponte de pedra, estaba rodeado de casas e era sempre costa arriba, pero a partir de aquí as casas xa se atopan máis dispersas, o terreo é chan e a paisaxe, totalmente rural.

Aparecen a ambas as dúas beiras do Camiño algunhas zonas poboadas de árbores, entre as que abundan os piñeiros e os eucaliptos, e terras de cultivo, nas que predomina o

165. Cfr. PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro...*, *op. cit.*, p. 128.

millo ou maízo, como se adoita chamar por aquí. A carón dunha das casas hai un sinxelo hórreo, sen cruz nin piorno, con paredes de madeira. Así e todo, sorprende a escaseza de hórreos neste treito rural polo que atravesa o Camiño Inglés no concello de Pontedeume, principalmente pola abundancia de mainceiras.

As pradarias e mainceiras, ou os piñeirais e eucaliptais son os fieis compañeiros dun Camiño que, dende a beira esquerda, deixa, de cando en vez, contemplar no alén a fermosa vista do río Eume e o castelo de Andrade.

O primeiro marco do Xacobeo con referencia numérica que aparece no concello de Pontedeume indica que a tumba apostólica se atopa 88,045 quilómetros de distancia. Nalgún destes marcos, os peregrinos van deixando enriba pequenas pedras amoreadas, chamadas en Galicia amilladoiros, para que quede constancia do seu paso pola ruta xacobeá. Segundo Vicente Risco, os peregrinos a Santo André de Teixido “recollen unha pedra do monte, canto máis pesada mellor, para bola nun dos amilladoiros [...]; algúns dos que o fan din que é unha carga imposta ós romeiros para axuntar pedra para un santuario novo; os homes de ciencia din que o fan seguindo un costume prehistórico”¹⁶⁶. Consonte a tradición, tamén os peregrinos do Camiño Francés collían unha pedra da canteira de Cotelos, en Triacastela, e a levaban no seu zurrón até os fornos da Castañeda, en Arzúa, que subministraban o cal que logo serviría para a construción das obras que se realizaban na catedral compostelá; o *Códice Calixtino* fala de “Triacastela, na aba do mesmo monte en Galicia, onde os peregrinos collen unha pedra e lévana consigo até Castañeda para facer cal para a construción da basílica do Apóstolo”¹⁶⁷. López Ferreiro afirma tamén que, “ao pasar por Triacastela, na provincia de Lugo, onde abundaban as canteiras de cal, cada un collía unha pedra do tamaño que lle permitían a súas forzas ou o brío das súas cabalgaduras e levábaa até o lugar da Castañeda, onde en fornos axeitados se preparaba o cal, que dende alí era traído en carros a Compostela. Pode, pois, dicirse, que a argamasa empregada na fábrica do Templo Apostólico foi en boa parte amasada coa suor dos peregrinos de Santiago”¹⁶⁸.

Un desvío á esquerda conduce até Cermuzo, tamén pertencente á parroquia de San Miguel de Breamo e á freguesía de San Pedro de Vilar. A paisaxe segue a ser moi semellante, coas mainceiras e o castelo de Andrade ao lonxe. Unha curiosa parra que une as dúas orelas da ruta, un lavadoiro e unha mesa con bancos para almorzar, tomar un aperitivo, xantar, merendar ou mesmo cear despiden o peregrino a Santiago do municipio de Pontedeume.

166. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 235.

167. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro V, capítulo III, p. 472.

168. Tomado e traducido de LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, t. III, Santiago de Compostela, 1900, p. 27.

UN FUTURO ESPERANZADOR PARA PONTEDEUME E OUTRAS VILAS MEDIEVAIS POLAS QUE PASA O CAMIÑO DE SANTIAGO

As cidades e vilas medievas galegas foron sempre para o Camiño de Santiago un lugar ideal para acoller os peregrinos a Compostela, xa que, ademais de ofrecerlles hospitalidade, eran tamén centros de comercio e cultura, e adoitaban ter un patrimonio artístico atractivo para os camiñantes. Vázquez Gallego di que “os propios núcleos de poboación, cidades, vilas e aldeas, foron asumindo a necesaria función de lles dar atencións especiais, e nalgúns casos especializadas, aos peregrinos, polo que fundaron unha serie de establecementos específicos para tal fin, denominados mesóns, hospedaría, hospitais, hospicios e albergues, quer de nova construción, quer readaptando casas ou vivendas xa existentes. Polo xeral, os establecementos máis importantes para estes mesteres foron erguidos nas grandes cidades da época e os máis humildes e sinxelos, en vilas, aldeas ou lugares máis ou menos estratéxicos do Camiño”¹⁶⁹. Os principais receptores destas atencións eran os peregrinos “enfermos, maltratados polos ladróns, bandidos, pícaros e tamén os afectados polo desgaste do propio camiñar e das inclemencias do tempo”¹⁷⁰.

López Calvo tamén sostén que “os santuarios, mosteiros, igrexas e, en xeral, as vilas e cidades con certa entidade poboacional, ofrecen hospitais, albergues e lazaretos, constituíndo unha rede de servicios espirituais e materiais que ofrecían leito, teito, misa e mesa ós viaxeiros”¹⁷¹. Esta tradición asistencial cos viaxeiros xacobeos foi apoiada con decisión por Fernán Pérez de Andrade cando construíu a ponte eumesa coa súa capela e o seu hospital –entre 1380 e 1386–, no que se reservaban sempre catro camas para os peregrinos, e outros hospitais e pontes, como xa se dixo, no Camiño Inglés.

As principais cidades e vilas galegas dos Camiños de Santiago –Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Melide e mesmo Arzúa e O Pino, no Camiño Francés; Lugo, no Camiño Primitivo; Ribadeo, Mondoñedo ou Vilalba, no Camiño do Norte; Ourense ou Verín, no Camiño do Sueste-Vía da Prata; Tui, O Porriño, Redondela, Pontevedra ou Pontecesures, no Camiño Portugués; Padrón, na Ruta do Mar de Arousa; Fisterra e Muxía, no Camiño homónimo– teñen na actualidade un albergue público de peregrinos. O Camiño Inglés foi, se cadra, neste tema un dos peor tratados pola Administración. A vila de Pontedeume, que acollía peregrinos xa no século XIV no hospital construído polo Bo na ponte que a unía con Cabanas, non contou cunha hospedaxe para os peregrinos dependente da rede de albergues da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo até o Ano Santo de 2010. Hoxe, por fin, os peregrinos poden pasar a noite no novo albergue que se acondicionou

169. Tomado e traducido de VÁZQUEZ GALLEGO, J.: *Los Hospitales del Camino Francés en Galicia*, Sada, 2001, p. 11.

170. *Ibidem*.

171. LÓPEZ CALVO, X. A.: *Peregrinacións...*, *op. cit.*, p. 181.

onda o remodelado porto xacobeo¹⁷², nos vellos almacéns de Raxoi, e gozar así do vello núcleo urbano medieval e dunha terra que lles ofrece un gran patrimonio natural, cultural, artístico e mesmo gastronómico. Xa non se poderán queixar como Murguía cando, ao relatar o seu paso por Pontedeume, dicía no século XIX: “Xa non hai tempo nin para nos deter e visitar a vila. Xa queda atrás”¹⁷³.

A desembocadura do río Eume marcou para sempre o desenvolvemento dunha vila unida co Norte de Galicia a través dunha ponte onde se funden as doces augas fluviais coas salgadas ondas do mar da ría de Ares. O río e o mar, abrigados polas montañas das Fragas do Eume e polo monte de Breamo, conforman a súa riqueza natural. Estes tres elementos da natureza, o río Eume e a súa fraga, o monte de Breamo e a ría de Ares, acollen tamén a celebración doutras tantas tradicións culturais e festivas como son a xira ao río Eume –o once de setembro–, as romarías de san Miguel de Breamo –o oito de maio e o vinte e nove de setembro– e a procesión marítima pola ría de Ares coa Virxe do Carme para bendicir o mar –o dezaseis de xullo– e innumerables lendas¹⁷⁴.

Nesta contorna natural, medrou tamén un rico patrimonio artístico, ligado sobre todo á Casa dos Andrade e máis á Igrexa. A fermosa cuadrícula que conserva o vello centro de poboación medieval da vila, con casas brasonadas, solos empedrados e soportais acolledores, coméntase coa ponte de pedra, as igrexas de Santiago, as Virtudes e as románicas de San Miguel de Breamo e San Martiño de Andrade, o Torreón e o castelo de Andrade, o convento de Santo Agostiño, o cruceiro das Angustias ou os mosteiros próximos de San Xoán de Caaveiro e Santa María de Monfero, unha variada paisaxe de montaña –onde o Breamo se erixe en protagonista–, a beleza da súa ría –coas praias e costas–, e co bosque atlántico máis importante de Europa –as fragas e o canón do Eume–¹⁷⁵. Todas estas condicións capacitan a Pontedeume para se converter nunha das principais vilas onde os peregrinos que veñen dende Ferrol polo Camiño Inglés poden atopar un lugar ideal de acollida, descanso e diversión para pasar un merecido tempo de lecer despois do esforzo que esixe a ruta, xa que conta, ademais, cunha ampla e atractiva oferta no sector servizos.

Así e todo, a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, no deseño totalmente descompensado das etapas –tanto pola dificultade da ruta como polo número de quilómetros– que propón na súa páxina web –Ferrol-Neda, 14 quilómetros; Neda-Miño, 23; Miño-Bruma,

172. Dispón de vinte camas para os peregrinos que alí se queiran aloxar, está aberto todos os días do ano e o seu horario de admisión é entre a unha da tarde e as dez da noite.

173. MURGUÍA, M.: *Galicia, op. cit.*, t. II, p. 1.176.

174. FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, *op. cit.*, 415-498.

175. Unha completa información pode atoparse na magnífica guía de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e GARCÍA, A.: *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Espino Albar, Pontedeume, 2012.

38; Bruma-Sigüeiro, 30; Sigüeiro-Santiago de Compostela, 18— exclúe inxustamente a vila de Pontedeume como destino dunha delas, malia contar xa cun albergue do propio Xacobeo dende o ano 2010, en beneficio de Neda e Miño. Penso que isto se debería corrixir, mostrando todas as posibilidades, sen necesidade de se decantar por ningunha.

Por outra banda, as actividades lúdicas e culturais que se organizan dende a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, con programas como *Via Stellae* ou *Vai de Camiño*, poderían ter tamén unha maior presenza na vila, sobre todo as que se realizan ao aire libre, pois dispón de prazas axeitadas como a do Pan, a de San Roque ou a Real polas que atravesa o propio Camiño, e doutras ao seu carón como a do Convento. Pontedeume necesita tamén un auditorio para as actuacións que precisen un local pechado, malia que a igrexa parroquial, a capela das Virtudes ou mesmo o acolledor salón de actos da Casa da Cultura poderían ir suplando de momento esta carencia, sobre todo para algunhas das actividades programadas en *Via Stellae*.

A revitalización do Consorcio do Camiño Inglés, que integran dezaoito concellos, pode ser un punto de partida para que a Xunta de Galicia, a través da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo e outros organismos, teña un interlocutor institucional válido para canalizar as reivindicacións destes municipios e impulsar dunha vez as prometidas axudas, sobre todo na rehabilitación de edificios, a recuperación do patrimonio artístico, a construción de novos albergues —especialmente nunha vila tan importante como é Betanzos—, a mellora da sinalización ou a promoción e divulgación a través de publicacións relacionadas coa ruta, como folletos, guías, etc. Neste labor tamén pode colaborar a Deputación Provincial da Coruña, a través do seu Plan de Dinamización Turística Ferrol-Ortegal. Pola súa parte, os concellos deberían comprometerse a realizar un maior esforzo para fomentar e difundir unha ruta tan rica en tradición e beleza natural e artística, e facela tan atractiva para os peregrinos como para os turistas.

O estado de conservación do patrimonio artístico no concello é bastante aceptable, pero sería preciso que o edificio do Torreón, que funciona como oficina de Turismo, centro de interpretación dos Andrade e sala de exposición dos gravados de Prieto Nespereira, abrise todos os días do ano e non dependese tanto das axudas esporádicas das Administracións para a contratación do persoal necesario; debería tamén ser posible que os visitantes que o desexasen puidesen acceder durante todo o ano á zona ameada, dende onde se contemplan fermosas vistas da vila, a ría, o Eume, o Breamo ou do castelo de Andrade. Por outra banda, a apertura ao público durante o Nadal, a Semana Santa e os meses de verán de edificios como o castelo de Andrade, as capelas das Virtudes e San Miguel de Breamo ou os mosteiros de San Xoán de Caaveiro e Santa María de Monfero, seguindo o modelo do proxecto *Compostela Aberta*, que tanto éxito tivo, sería tamén moi interesante.

Así e todo, moitos dos edificios situados en rúas como a Real –pola que pasa o Camiño Inglés– ou veciñas –como as dos Ferreiros ou San Agustín–, na avenida de Raxoi ou na praza do Pan precisan un urxente plan de rehabilitación e dinamización semellante ao que se levou a cabo dende o Ano Santo de 1993 en Santiago de Compostela e noutras vilas e cidades que, como Pontedeume, acollen a ruta xacobeá.

Outro dos problemas máis importantes co que se enfronta a vila para competir no sector turístico é a necesidade dun aparcadoiro que permitise acoller con comodidade os seus visitantes e deixar libres de coches a praza de San Roque e máis a Alameda de Raxoi e recuperalas así para o lecer.

Iniciativas felices como o a Baixada do Eume en piragua organizada polo Firrete –que xa vai pola corenta e sete edición e que mesmo aparece como exemplo na definición de piragua que dá o *Dicionario da Real Academia Galega*–, o Feirón Medieval, o Festival folclórico internacional de Orballo, o Festival de habaneras, os Concertos dos xoves do verán na rúa Real, o Concurso de pinchos ou Pontedeume Fashion Night, unidas ás xa tradicionais Festas do Nadal, o Antroido, a Semana Santa, os Maios, San Cristovo, a Virxe do Carme e sobre todo as Festas das Peras poden axudar tamén a presentar unha oferta máis atractiva para os eumeses, as xentes da bisbara, turistas e peregrinos, e axudar así ao sempre castigado comercio local.

BIBLIOGRAFÍA

- ANÓNIMO: *Relacion de lo mas esencial, y cierto, que en esta católica corte se ha sabido del viage de nvestra avgvsta Reyna, y señora Doña Maria-Ana Palatina del Rhin, Baviera, y Nevbvg, desde las solemnes entregas de su Magestad hasta su llegada a la Coruña...*, vinte e cinco de abril de 1690, conservada na Biblioteca da Ajuda de Lisboa e na Biblioteca do Palacio Real de Madrid, 6 p.
- BARREIRO MALLÓN, B.: “Hospitais da cidade de Santiago”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *O Hospital Real de Santiago de Compostela e a hospitalidade no Camiño de Peregrinación*, Santiago de Compostela, 2004, p. 87-105.
- BREIXO RODRÍGUEZ, C., MACEDO CORDAL, C., LÓPEZ CALVO, A. e SÁEZ TABOADA, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago*, Pontedeume, 2004.
- BUTLER-BOWDON, W. (ed.): *The book of Margery Kempe, 1436*, Londres, 1936.
- CARRO OTERO, J.: *La escritura de Concordia entre Don Diego Peláez, Obispo de Santiago, y San Fagildo, Abad del Monasterio de Antealtares*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, fascículo XII, Madrid, 1949, p. 111-122.
- CASAS FERREÑO, M. B.: *A viaxe da raíña Mariana de Neoburgo (1689-1690). Festas e relacións de sucesos*, “Cátedra”, 9, Pontedeume, 2001, p. 305-336.

- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Igrexas Románicas da Comarca do Eume*, Pontedeume, 1997. *A póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica*, “Cátedra”, 4, Pontedeume, 1997, p. 5-24. *Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, más conocido como “O Bo”*, “Cátedra”, 12, Pontedeume, 2005, p. 261-285. *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Pontedeume, 2007.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I. e GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, 1999.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e GARCÍA, A.: *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Espino Albar, Pontedeume, 2012.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003.
- CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.): *El viaje del príncipe Cosimo dei Medici por España y Portugal*, Santiago de Compostela, 2004.
- CORREA ARIAS, J. F.: *A Ponte do Ume*, “Cátedra”, 2, Pontedeume, 1995, p. 15-56. *Fernán Pérez de Andrade o Bóo*, A Coruña, 2004.
- CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A Ponte do Ume II*, “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p. 7-44.
- COSTAS, L. e MACEDO, C.: *A ermida de San Roque de Pontedeume e a súa Confraría a través do Libro de Cabidos: As festas do santo*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 287-326.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, cuarta edición, Pontedeume, 1995.
- DAVID, C. W. (ed.): *De expugnatione Lixbonensi. The conquests of Lisbon*, Nova York, 2001.
- DAVEY, F. (trad.): *The Itineraries of Willian Wey*, Oxford, 2010.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *De Santiago y de los Caminos de Santiago*, Santiago de Compostela, 1997.
- FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994.
- FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998.
- FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 31-39.
- FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Xerais, Vigo, 2003. *Os ollos da ponte*, Xerais, Vigo, 2004. *As pontes no ceo*, Xerais, Vigo, 2007.
- FONTE SARDIÑA, J. M.: *Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume*, “Cátedra”, 18, Pontedeume, 2011, p. 7-44. “La literatura odepórica o de viajes en el Camino Portugués”, en *III Edición Becas de Investigación Caminos*

- Jacobeos. Año 2009*, Santiago de Compostela, 2011, p. 145-188. *As lendas do Eume*, “Cátedra”, 19, Pontedeume, 2012, p. 417-498.
- GALANTE GÓMEZ, F. J. e GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Stella Peregrinantium. La Virgen de Prima y su tiempo*, Santiago de Compostela, 2004.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos de Camino*, Santiago de Compostela, 2003.
- GARCÍA MERCADAL, J. (trad.): *Viajes por España y Portugal*, t. I-V, Salamanca, 1999.
- GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M. J.: *Pontedeume y sus señores en el Renacimiento*, A Coruña, 2003.
- GREIFF, B. (ed.): *Tagebuch des Lucas Rem aus den Jahren 1494-1541*, Augsburg, 1861.
- GUARDIA, P. (trad.): *G. Chaucer. Cuentos de Canterbury*, Cátedra, Madrid, 1991. *William Langland. Pedro el labriego*, Gredos, Madrid, 1997.
- HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Camaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al “fin del mundo”*, Santiago de Compostela, 1999.
- IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, t. II, A Coruña, 1886.
- LAING, S. (ed.): *Heimskringla or The Chronicle of the Kings of Norway, by Snorri Sturlson (c. 1179-1241)*, Londres, 2008 (primeira edición 1844), p. 566-602.
- LENCE-SANTAR GUITIÁN, E.: *Nuestra Señora la Grande o la Inglesa en la catedral de Mondoñedo*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, 18, Santiago de Compostela, 1951, p. 65-82.
- LÓPEZ ALSINA, F.: “Años Santos Romanos y Años Santos Compostelanos”, en CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.): *Santiago, Roma, Jerusalén. Actas del III Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 1999, p. 213-242.
- LÓPEZ CALVO, A.: *Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na comarca eumesa*, “Cátedra”, 6, Pontedeume, 1999, p. 163-186. *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 729-771.
- LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, t. III, Santiago de Compostela, 1900. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. X, Santiago de Compostela, 1908.
- MARTÍNEZ RUÍZ, E. e PAZZIS PI CORRALES, M. DE (ed.): *El mundo escandinavo. Santa Brígida y el Camino de Santiago*, Santiago de Compostela, 2002.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, A Coruña, 1997.
- MURGUÍA, M.: *Galicia*, t. II, Santiago de Compostela, 1985.
- MUROS, D. DE: “La Reina doña Mariana de Neoburg visitó al Apóstol hace 250 años”, en *El Correo Gallego*, de vinte e seis de abril de 1940, p. 3.

- NEIRA CRUZ, X. A. e GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis*, Santiago de Compostela, 2004.
- NOVONEYRA, U.: *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999.
- OLIVEIRA, J. A. DE (trad.): *Conquista de Lisboa aos Mouros (1147), narrada pelo cruzado Osberno, testemunha presencial*, Lisboa, 1935.
- OTERO PEDRAYO, R.: *Pelerinaxes*, Sada, 1993. *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004.
- PARRILLA, J. A. (ed.): *Descripción del Reino de Galicia por el licenciado Molina*, Santiago de Compostela, 1998.
- PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro Popular Eumés (Festas anuais)*, Pontedeume, 1994.
- PENSADO TOMÉ, J. L. (ed.): *Fr. Martín Sarmiento. Viaxe a Galicia (1745)*, Toxosoutos, Noia (A Coruña), 2001.
- PEREDA, F. e MARÍAS, F.: *El Atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos", de Pedro Texeira (1634)*, Hondarribia, 2002.
- PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas de mi rincón natal*, A Coruña, 1977.
- PRESAS BARROSA, C.: *Las ofrendas nacionales a Santiago Apóstol, patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002.
- RISCO, V.: *Historia de Galicia*, Vigo, 1976. *Etnografía*, t. III, Galaxia, Vigo, 1994.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre en Galiza*, t. II, A Coruña, 2001.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. e REY CAÍÑA, J. A.: *El Tumbo del Monasterio de Villanueva de Lorenzana*, "Estudios Mindonienses", 8, Ferrol, 1992, p. 11-324.
- SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela, 2006.
- SINGUL LORENZO, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín do mundo. Diálogos entre Santiago e o mar*, Vigo, 2004.
- STAUB, B.: "Hauptmann Heinrich Schönbrunner von Zug und sein tagebuch (1500-1537)", *Der Geschichtsfreund*, 18, 1862, p. 205-225.
- TORRES RODRÍGUEZ, C.: *La Galicia romana*, A Coruña, 1982.
- VÁZQUEZ GALLEGO, J.: *Los Hospitales del Camino Francés en Galicia*, Sada, 2001.
- VÁZQUEZ REY, A.: *Heráldica de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1996.
- VV. AA.: *Homenaje al polígrafo eumés don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento / 1888-1988*, A Coruña, 1990.
- WAITZ, G. (ed.): *Adami. Gesta Hammaburgensis ecclesiae pontificum*, Hannover, 1876.
- YZQUIERDO PEIRÓ, R.: *Domus Iacobi. A historia da Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 2011.